

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DECRETO 217/2012, do 11 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Próteses Dentais.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do seu artigo 81, o desenvolvan.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificacións e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das modalidades formativas.

A devandita lei establece que a Administración xeral do Estado, de conformidade co que se dispón no artigo 149.1, 30ª e 7ª da Constitución española, e logo da consulta ao Consello Xeral de Formación Profesional, determinará os títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade que constituirán as ofertas de formación profesional referidas ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais, cuxos contidos poderán ampliar as administracións educativas no ámbito das súas competencias.

Establece, así mesmo, que os títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade terán carácter oficial e validez en todo o territorio do Estado e serán expedidos polas administracións competentes, a educativa e a laboral, respectivamente.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu capítulo III do título preliminar que se entende por currículo o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas reguladas pola citada lei.

No seu capítulo V do título I establece os principios xerais da formación profesional inicial e dispón que o Goberno, logo da consulta ás comunidades autónomas, establecerá as titulacións correspondentes aos estudos de formación profesional, así como os aspectos básicos do currículo de cada unha delas.

CVE-DOG: aydi0mu4-x6q5-3az1-rjx3-vx9gesmp9hs0



A Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, e a Lei orgánica 4/2011, do 11 de marzo, complementaria da Lei de economía sustentable, introducen modificacións na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, e na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no marco legal das ensinanzas de formación profesional, que pretenden, entre outros aspectos, adecuar a oferta formativa ás demandas dos sectores produtivos.

O Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, tomando como base o Catálogo nacional de cualificacións profesionais, as directrices fixadas pola Unión Europea e outros aspectos de interese social.

No seu artigo 8, dedicado á definición do currículo polas administracións educativas en desenvolvemento do artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as administracións educativas, no ámbito das súas competencias, establecerán os currículos correspondentes ampliando e contextualizando os contidos dos títulos á realidade socioeconómica do territorio da súa competencia, e respectando o seu perfil profesional.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina nos seus capítulos III e IV, dedicados ao currículo e á organización das ensinanzas, a estrutura que deben seguir os currículos e os módulos profesionais dos ciclos formativos na comunidade autónoma de Galicia.

Publicado o Real decreto 1687/2011, do 18 de novembro, polo que se establece o título de técnico superior en Próteses Dentais e se fixan as súas ensinanzas mínimas, e de acordo co seu artigo 10.2, correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación establecer o currículo correspondente no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Consonte o anterior, este decreto desenvolve o currículo do ciclo formativo de formación profesional de técnico superior en Próteses Dentais. Este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

Para estes efectos, e de acordo co establecido no citado Decreto 114/2010, do 1 de xullo, determínase a identificación do título, o seu perfil profesional, o contorno profesional,



a perspectiva do título no sector ou nos sectores, as ensinanzas do ciclo formativo, a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención, así como os parámetros do contexto formativo para cada módulo profesional no que se refire a espazos, equipamentos, titulacións e especialidades do profesorado, e ás súas equivalencias para efectos de docencia.

Así mesmo, determínanse os accesos a outros estudos, as modalidades e as materias de bacharelato que facilitan a conexión co ciclo formativo, as validacións, exencións e equivalencias, e a información sobre os requisitos necesarios segundo a lexislación vixente para o exercicio profesional, cando proceda.

O currículo que se establece neste decreto desenvólvese tendo en conta o perfil profesional do título a través dos obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e os obxectivos propios de cada módulo profesional, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe, que lles permitirán conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.

Asociada a cada resultado de aprendizaxe establécese unha serie de contidos de tipo conceptual, procedemental e actitudinal redactados de xeito integrado, que proporcionarán o soporte de información e destreza precisos para lograr as competencias profesionais, persoais e sociais propias do perfil do título.

Neste sentido, a inclusión do módulo de formación en centros de traballo posibilita que o alumnado complete a formación adquirida no centro educativo mediante a realización dun conxunto de actividades de produción e/ou de servizos, que non terán carácter laboral, en situacións reais de traballo no contorno produtivo do centro, de acordo coas exixencias derivadas do Sistema nacional de cualificacións e formación profesional.

O módulo de proxecto que se inclúe neste ciclo formativo permitirá integrar de forma global os aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título que se abordaron no resto dos módulos profesionais, con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial.

A formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral aumenta a empregabilidade do alumnado que supere estas ensinanzas e facilita a súa incorporación ao mundo do traballo, ao capacitalo para levar a cabo res-



ponsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais, establecidas no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

De acordo co artigo 10 do citado Decreto 114/2010, do 1 de xullo, establécese a división de determinados módulos profesionais en unidades formativas de menor duración, coa finalidade de facilitar a formación ao longo da vida, respectando, en todo caso, a necesaria coherencia da formación asociada a cada unha delas.

De conformidade co exposto, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, conforme os ditames do Consello Galego de Formación Profesional e do Consello Escolar de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día once de outubro de dous mil doce,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

Este decreto establece o currículo que será de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia para as ensinanzas de formación profesional relativas ao título de técnico superior en Próteses Dentais, establecido polo Real decreto 1687/2011, do 18 de novembro.

CAPÍTULO II

Identificación do título, perfil profesional, contorno profesional e prospectiva do título no sector ou nos sectores

Artigo 2. *Identificación*

O título de técnico superior en Próteses Dentais identifícase polos seguintes elementos:

- Denominación: Próteses Dentais.
- Nivel: formación profesional de grao superior.
- Duración: 2.000 horas.



- Familia profesional: sanidade.
- Referente europeo: CINE-5b (Clasificación internacional normalizada da educación).
- Nivel de Marco español de cualificacións para a educación superior: nivel 1; técnico superior.

Artigo 3. *Perfil profesional do título*

O perfil profesional do título de técnico superior en Próteses Dentais determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais incluídas no título.

Artigo 4. *Competencia xeral*

A competencia xeral deste título consiste en deseñar, fabricar e reparar próteses dentofaciais, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais segundo prescrición e indicacións facultativas, así como efectuar o reaxuste necesario para o seu acabamento e xestionar un laboratorio de próteses dentais realizando as operacións para a comercialización do produto, e respectando a normativa vixente de seguridade e protección ambiental, así como as especificacións de calidade.

Artigo 5. *Competencias profesionais, persoais e sociais*

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan:

- a) Planificar os servizos que presta o establecemento protésico dental, realizando ou supervisando a xestión derivada das operacións administrativas e do control económico.
- b) Xestionar a documentación administrativa e sanitaria xerada no establecemento, para dar resposta ás necesidades de atención da poboación usuaria.
- c) Xestionar a adquisición, o almacenamento e a reposición de materiais, equipamentos e instrumental para poder atender as demandas da poboación usuaria.



d) Diseñar próteses dentofaciais, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais adaptadas ás características anatomofuncionais do modelo, axustándose á prescrición facultativa.

e) Preparar equipamentos e materiais seguindo instrucións técnicas e plans de mantemento.

f) Elaborar e fabricar próteses dentofaciais, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais, aplicando os procedementos normalizados de traballo e manexando con destreza os equipamentos, os utensilios e as ferramentas.

g) Verificar os elementos dos produtos protésicos, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais, detectando os fallos e identificando as medidas de corrección.

h) Reparar próteses dentofaciais, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais, identificando as características do produto e as alteracións presentadas.

i) Informar sobre o uso e o mantemento de próteses dentofaciais, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais, relacionando as súas características e as súas funcións.

j) Obter o prezo final de produtos protésicos, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais, cunha estimación dos custos.

k) Adaptarse ás novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos ao seu ámbito profesional, xestionando a súa formación e os recursos existentes na aprendizaxe ao longo da vida e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.

l) Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo.

m) Organizar e coordinar equipos de traballo con responsabilidade, e supervisar o seu desenvolvemento, mantendo relacións fluídas, asumindo o liderado e achegando solucións aos conflitos grupais que se presenten.

n) Comunicarse con seus iguais, superiores, clientela e persoas baixo a súa responsabilidade, utilizando vías eficaces de comunicación, transmitindo a información ou coñece-



mentos adecuados, e respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.

ñ) Xerar contornos seguros no desenvolvemento do seu traballo e no do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, de acordo co establecido pola normativa e os obxectivos da empresa.

o) Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade, de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.

p) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa e ter iniciativa na súa actividade profesional, con sentido da responsabilidade social.

q) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación vixente, participando activamente na vida económica, social e cultural.

Artigo 6. Relación de cualificacións e unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais incluídas no título

Cualificacións profesionais completas incluídas no título:

Prótese dental, SAN628_3 (Real decreto 887/2011, do 24 de xuño), que abrangue as seguintes unidades de competencia:

– UC2087_3. Xestionar un centro, unha instalación ou un laboratorio de prótese dental, e organizar os procesos de deseño, preparación, elaboración, fabricación e reparación de próteses dentofaciais, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.

– UC2088_3. Interpretar as prescricións facultativas, definir o produto, e programar, preparar e controlar a fabricación e/ou a reparación de próteses dentofaciais, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.

– UC2089_3. Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar próteses completas removibles de resina.

– UC2090_3. Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.



– UC2091_3. Diseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar restauracións e estruturas metálicas para a elaboración de próteses dentais de metal-cerámica e/ou metal-resina fixas.

– UC2092_3. Diseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar próteses parciais removibles metálicas, de resina e mixtas.

– UC2093_3. Diseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar recubrimentos estéticos e restauracións de cerámica ou resina, con ou sen metal.

– UC2094_3. Diseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar próteses dentais sobre implantes.

Artigo 7. *Contorno profesional*

1. As persoas que obteñan este título exercerán a súa actividade no sector sanitario, en empresas privadas ou en institucións asistenciais, como fabricante de produtos sanitarios dentais á medida en laboratorios de prótese dental, como traballador autónomo ou por conta allea, e en empresas da industria dental, como fábricas provedoras de materiais e maquinaria, ou en depósitos dentais, participando nas actividades de formación específicas da empresa. Tamén pode desenvolver a súa actividade no campo da investigación tecnolóxica dentro de empresas do sector dental e na instrución na industria dental impartindo cursos básicos ou avanzados sobre novos materiais e novas técnicas. A súa actividade está sometida a regulación pola Administración sanitaria estatal.

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Técnico/a superior en Próteses Dentais.
- Técnico/a especialista en Próteses Dentais.
- Responsable técnico/a dun laboratorio de prótese dental.
- Comercial na industria dental ou depósitos dentais.
- Responsable técnico/a en departamentos de investigación e desenvolvemento de produtos na industria dental.



Artigo 8. *Prospectiva do título no sector ou nos sectores*

1. Existe un incremento progresivo da demanda de próteses dentais motivada pola maior sensibilización da poboación sobre a promoción da saúde e, en especial, sobre a saúde bucal, polo avellentamento da poboación, o aumento da esperanza de vida e o incremento demográfico.

2. A maior sensibilización da poboación sobre a saúde bucodental vén acompañada por unha maior exigencia sobre os produtos que elaboran, adaptan e, de ser o caso, reparan, atendendo non só á recuperación da función, senón tamén a aspectos de comodidade e de facilidade de manipulación, e a razóns estéticas.

3. Debe xeneralizarse o manexo de programas informáticos aplicados á xestión do laboratorio de próteses dentais, así como a tecnoloxía aplicada ao deseño e á fabricación das próteses dentais.

4. Os avances en próteses sobre implantes exigen profesionais con formación que colaboren co equipo interdisciplinar.

5. A maior calidade de vida provoca unha maior preocupación pola saúde e a estética dental, co conseguinte incremento da demanda de aparellos de ortodoncia.

6. Daquela, os retos máis importantes nos próximos anos para este persoal profesional son os que fan referencia ao coñecemento de novos materiais e novas técnicas, polos avances tecnolóxicos no campo das próteses dentais e tamén polos avances médicos no tratamento protésico das lesións, que demandan próteses tecnoloxicamente máis avanzadas.

CAPÍTULO III**Ensinanzas do ciclo formativo e parámetros básicos de contexto****Artigo 9. *Obxectivos xerais***

Os obxectivos xerais deste ciclo formativo son os seguintes:

a) Analizar sistemas de xestión e manexar programas informáticos, para planificar os servizos que presta o laboratorio de prótese dental.



b) Recoñecer documentos administrativos e sanitarios para os xestionar, dando resposta ás necesidades de atención da poboación usuaria.

c) Aplicar técnicas de compra e de xestión de almacén de equipamentos, materiais e instrumental, para xestionar a adquisición, o almacenamento e a reposición destes.

d) Identificar e relacionar as variables da prescrición facultativa e das características anatomofuncionais, para deseñar próteses dentofaciais.

e) Identificar características técnicas e condicións de mantemento, para preparar equipamentos e materiais.

f) Seleccionar procedementos de traballo e protocolos para elaborar e fabricar próteses dentofaciais, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.

g) Analizar o proceso de elaboración de próteses dentofaciais, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais, identificando e manipulando equipamentos, materiais e instrumental para a súa elaboración.

h) Identificar anomalías e medidas de corrección nos compoñentes dos produtos protésicos, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais, para a súa verificación.

i) Recoñecer anomalías e alteracións dos produtos protésicos, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais para a súa reparación, segundo as características do produto.

j) Analizar os custos do proceso de deseño e elaboración dos produtos protésicos, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais, para obter o prezo final.

k) Describir as características, as funcións e os requisitos de mantemento de próteses dentofaciais, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais, para informar sobre o seu uso e a súa conservación.

l) Analizar e utilizar os recursos e as oportunidades de aprendizaxe relacionadas coa evolución científica, tecnolóxica e organizativa do sector, e as tecnoloxías da información e da comunicación, para manter o espírito de actualización e se adaptar a novas situacións laborais e persoais.

m) Desenvolver a creatividade e o espírito de innovación para responder aos retos que se presenten nos procesos e na organización do traballo e da vida persoal.



n) Tomar decisións fundamentadas, analizando as variables implicadas, integrando saberes de distinto ámbito e aceptando os riscos e a posibilidade de equivocación, para afrontar e resolver situacións, problemas ou continxencias.

ñ) Desenvolver técnicas de liderado, motivación, supervisión e comunicación en contextos de traballo en grupo, para facilitar a organización e a coordinación de equipos de traballo.

o) Aplicar estratexias e técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia nos procesos de comunicación.

p) Avaliar situacións de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, propondo e aplicando medidas de prevención persoais e colectivas, de acordo coa normativa aplicable nos procesos de traballo, para garantir ámbitos seguros.

q) Identificar e propor as accións profesionais necesarias para dar resposta á accesibilidade e ao deseño universais.

r) Identificar e aplicar parámetros de calidade nos traballos e nas actividades que se realizan no proceso de aprendizaxe, para valorar a cultura da avaliación e da calidade e ser quen de supervisar e mellorar procedementos de xestión de calidade.

s) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.

t) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal vixente que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

Artigo 10. *Módulos profesionais*

Os módulos profesionais deste ciclo formativo, que se desenvolven no anexo I, son os que se relacionan:

- MP0821. Laboratorio de próteses dentais.
- MP0854. Deseño funcional de próteses.



- MP0855. Próteses completas.
- MP0856. Aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.
- MP0857. Restauracións e estruturas metálicas en prótese fixa.
- MP0858. Próteses parciais removibles metálicas, de resina e mixtas.
- MP0859. Restauracións e recubrimentos estéticos.
- MP0860. Próteses sobre implantes.
- MP0861. Proxecto de próteses dentais.
- MP0862. Formación e orientación laboral.
- MP0863. Empresa e iniciativa emprendedora.
- MP0864. Formación en centros de traballo.

Artigo 11. *Espazos e equipamentos*

1. Os espazos e os equipamentos mínimos necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas deste ciclo formativo son os establecidos no anexo II.

2. Os espazos formativos establecidos respectarán a normativa sobre prevención de riscos laborais, a normativa sobre seguridade e saúde no posto de traballo, e cantas outras normas sexan de aplicación.

3. Os espazos formativos establecidos poden ser ocupados por diferentes grupos de alumnado que curse o mesmo ou outros ciclos formativos, ou etapas educativas.

4. Non cómpre que os espazos formativos identificados se diferencien mediante pechamentos.

5. A cantidade e as características dos equipamentos que se inclúen en cada espazo deberá estar en función do número de alumnos e alumnas, e serán os necesarios e suficientes para garantir a calidade do ensino e a adquisición dos resultados de aprendizaxe.



6. O equipamento disporá da instalación necesaria para o seu correcto funcionamento, cumprirá as normas de seguridade e prevención de riscos, e cantas outras sexan de aplicación, e respectaranse os espazos ou as superficies de seguridade que exixan as máquinas en funcionamento.

Artigo 12. *Profesorado*

1. A docencia dos módulos profesionais que constitúen as ensinanzas deste ciclo formativo correspóndelle ao profesorado do corpo de catedráticos e catedráticas de ensino secundario, do corpo de profesorado de ensino secundario e do corpo de profesorado técnico de formación profesional, segundo proceda, das especialidades establecidas no anexo III A).

2. As titulacións requiridas para acceder aos corpos docentes citados son, con carácter xeral, as establecidas no artigo 13 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da devandita lei. As titulacións equivalentes ás anteriores para efectos de docencia, para as especialidades do profesorado, son as recollidas no anexo III B).

3. O profesorado especialista terá atribuída a competencia docente dos módulos profesionais especificados no anexo III A).

4. O profesorado especialista deberá cumprir os requisitos xerais exixidos para o ingreso na función pública docente establecidos no artigo 12 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, acceso e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da devandita lei.

5. Ademais, co fin de garantir que responda ás necesidades dos procesos involucrados no módulo profesional, cómpre que o profesorado especialista acredite no comezo de cada nomeamento unha experiencia profesional recoñecida no campo laboral correspondente, debidamente actualizada, con polo menos dous anos de exercicio profesional nos catro anos inmediatamente anteriores ao nomeamento.



6. As titulacións requiridas para a impartición dos módulos profesionais que formen o título, para o profesorado dos centros de titularidade privada ou de titularidade pública doutras administracións distintas das educativas, concréntanse no anexo III C).

A consellería con competencias en materia de educación establecerá un procedemento de habilitación para exercer a docencia, no cal se exixirá o cumprimento dalgún dos seguintes requisitos:

– Que as ensinanzas conducentes ás titulacións citadas engloben os obxectivos dos módulos profesionais.

– Se os devanditos obxectivos non estivesen incluídos, ademais da titulación deberá acreditarse mediante certificación unha experiencia laboral de, polo menos, tres anos no sector vinculado á familia profesional, realizando actividades produtivas en empresas relacionadas implicitamente cos resultados de aprendizaxe.

CAPÍTULO IV

Accesos e vinculación a outros estudos, e correspondencia de módulos profesionais coas unidades de competencia

Artigo 13. *Preferencias para o acceso a este ciclo formativo en relación coas modalidades e as materias de bacharelato cursadas*

Terá preferencia para acceder a este ciclo formativo o alumnado que cursase a modalidade de bacharelato de ciencias e tecnoloxía.

Artigo 14. *Acceso e vinculación a outros estudos*

1. O título de técnico superior en Próteses Dentais permite o acceso directo para cursar calquera outro ciclo formativo de grao superior, nas condicións de acceso que se establezan.

2. Este título permite o acceso directo ás ensinanzas conducentes aos títulos universitarios de grao nas condicións de admisión que se establezan.

3. Para os efectos de facilitar o réxime de validacións entre este título e as ensinanzas universitarias de grao, asígnanse 120 créditos ECTS distribuídos entre os módulos profesionais deste ciclo formativo.



Artigo 15. *Validacións e exencións*

1. As validacións de módulos profesionais dos títulos de formación profesional establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, cos módulos profesionais do título de técnico superior en Próteses Dentais, establécense no anexo IV.

2. As persoas que superasen o módulo profesional de Formación e orientación laboral, ou o módulo profesional de Empresa e iniciativa emprendedora, en calquera dos ciclos formativos correspondentes aos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, terán validados os devanditos módulos en calquera outro ciclo formativo establecido ao abeiro da mesma lei.

3. As persoas que obtivesen a acreditación de todas as unidades de competencia incluídas no título, mediante o procedemento establecido no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, poderán validar o módulo de formación e orientación laboral sempre que:

– Acrediten, polo menos, un ano de experiencia laboral.

– Estean en posesión da acreditación da formación establecida para o desempeño das funcións de nivel básico da actividade preventiva, expedida de acordo co disposto no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

4. De acordo co establecido no artigo 39 do Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, poderá determinarse a exención total ou parcial do módulo profesional de formación en centros de traballo pola súa correspondencia coa experiencia laboral sempre que se acredite unha experiencia relacionada con este ciclo formativo nos termos previstos no devandito artigo.

Artigo 16. *Correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención*

1. A correspondencia das unidades de competencia cos módulos profesionais que forman as ensinanzas deste título para a súa validación ou exención queda determinada no anexo V A).



2. A correspondencia dos módulos profesionais que forman as ensinanzas deste título coas unidades de competencia para a súa acreditación queda determinada no anexo V B).

CAPÍTULO V Organización da impartición

Artigo 17. *Distribución horaria*

Os módulos profesionais deste ciclo formativo organizaranse polo réxime ordinario segundo se establece no anexo VI.

Artigo 18. *Unidades formativas*

1. Consonte o artigo 10 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional no sistema educativo de Galicia, e coa finalidade de promover a formación ao longo da vida e servir de referente para a súa impartición, establécese no anexo VII a división de determinados módulos profesionais en unidades formativas de menor duración.

2. A consellería con competencias en materia de educación determinará os efectos académicos da división dos módulos profesionais en unidades formativas.

Artigo 19. *Módulo de proxecto*

1. O módulo de proxecto incluído no currículo deste ciclo formativo ten por finalidade a integración efectiva dos aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título que se abordaron no resto dos módulos profesionais, xunto con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial. Organizarase sobre a base da titoría individual e colectiva. A atribución docente será a cargo do profesorado que imparta docencia no ciclo formativo.

2. Desenvolverase logo da avaliación positiva de todos os módulos profesionais de formación no centro educativo, coincidindo coa realización dunha parte do módulo profesional de formación en centros de traballo e avaliarase unha vez cursado este, co obxecto de posibilitar a incorporación das competencias adquiridas nel.



Disposición adicional primeira. *Oferta nas modalidades semipresencial e a distancia deste título*

A impartición das ensinanzas dos módulos profesionais deste ciclo formativo nas modalidades semipresencial ou a distancia, que se ofrecerán unicamente polo réxime para as persoas adultas, requirirá a autorización previa da consellería con competencias en materia de educación, conforme o procedemento que se estableza, e garantirá que o alumnado poida conseguir os resultados de aprendizaxe destes, de acordo co disposto neste decreto.

Disposición adicional segunda. *Titulacións equivalentes e vinculación coas capacitacións profesionais*

1. Os títulos que se relacionan a continuación terán os mesmos efectos profesionais e académicos que o título de técnico superior en Próteses Dentais, establecido no Real decreto 1687/2011, do 18 de novembro, cuxo currículo para Galicia se desenvolve neste decreto:

– Título de técnico especialista en Prótese Dental, rama sanitaria, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.

– Título de técnico superior en Próteses Dentais establecido polo Real decreto 541/1995, do 7 de abril, cuxo currículo para Galicia foi establecido polo Decreto 183/2000, do 22 de xuño.

2. A formación establecida neste decreto no módulo profesional de formación e orientación laboral capacita para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais, establecidas no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

Disposición adicional terceira. *Regulación do exercicio da profesión*

1. Os elementos recollidos neste decreto non constitúen regulación do exercicio de profesión regulada ningunha.

2. Así mesmo, as equivalencias de titulacións académicas establecidas no punto 1 da disposición adicional segunda entenderanse sen prexuízo do cumprimento das disposicións que habilitan para o exercicio das profesións reguladas.



Disposición adicional cuarta. *Accesibilidade universal nas ensinanzas deste título*

1. A consellería con competencias en materia de educación garantirá que o alumnado poida acceder e cursar este ciclo formativo nas condicións establecidas na disposición derradeira décima da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

2. As programacións didácticas que desenvolvan o currículo establecido neste decreto deberán ter en conta o principio de «deseño universal». Para tal efecto, recollerán as medidas necesarias co fin de que o alumnado poida conseguir a competencia xeral do título, expresada a través das competencias profesionais, persoais e sociais, así como os resultados de aprendizaxe de cada un dos módulos profesionais.

3. En calquera caso, estas medidas non poderán afectar de forma significativa a consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais.

Disposición adicional quinta. *Autorización a centros privados para a impartición das ensinanzas reguladas neste decreto*

A autorización a centros privados para a impartición das ensinanzas deste ciclo formativo exixirá que desde o inicio do curso escolar se cumpran os requisitos de profesorado, espazos e equipamentos regulados neste decreto.

Disposición adicional sexta. *Desenvolvemento do currículo*

1. O currículo establecido neste decreto require un posterior desenvolvemento a través das programacións didácticas elaboradas polo equipo docente do ciclo formativo, consonte o establecido no artigo 34 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. Estas programacións concretarán e adaptarán o currículo ao contorno socioeconómico do centro, tomando como referencia o perfil profesional do ciclo formativo a través dos seus obxectivos xerais e dos resultados de aprendizaxe establecidos para cada módulo profesional.

2. Os centros educativos desenvolverán este currículo de acordo co establecido no artigo 9 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.



Disposición transitoria única. *Centros privados con autorización para impartir o ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Próteses Dentais, ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro*

A autorización concedida aos centros educativos de titularidade privada para impartir as ensinanzas a que se fai referencia no Decreto 183/2000, do 22 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Próteses Dentais, entenderase referida ás ensinanzas reguladas neste decreto.

Disposición derogatoria única. *Derogación de normas*

Queda derogado o Decreto 183/2000, do 22 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Próteses Dentais, e todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste decreto, sen prexuízo do establecido na disposición derradeira primeira.

Disposición derradeira primeira. *Implantación das ensinanzas recollidas neste decreto*

1. No curso 2012/13 implantarase o primeiro curso polo réxime ordinario e deixará de impartirse o primeiro curso das ensinanzas a que se fai referencia no Decreto 183/2000, do 22 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Próteses Dentais.

2. No curso 2013/14 implantarase o segundo curso polo réxime ordinario e deixará de impartirse o segundo curso das ensinanzas a que se fai referencia no Decreto 183/2000, do 22 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Próteses Dentais.

3. No curso 2012/13 implantaranse as ensinanzas reguladas neste decreto polo réxime para as persoas adultas.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo*

1. Autorízase a persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para ditar as disposicións que sexan necesarias para a execución e o desenvolvemento do establecido neste decreto.



2. Autorízase a persoa titular da consellería con competencias en materia de educación a modificar o anexo II B), relativo a equipamentos, cando por razóns de obsolescencia ou actualización tecnolóxica así se xustifique.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, once de outubro de dos mil doce

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

1. Anexo I. Módulos profesionais.

1.1. Módulo profesional: Laboratorio de próteses dentais.

- Equivalencia en créditos ECTS: 4.
- Código: MP0821.
- Duración: 80 horas.

1.1.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

• RA1. Organiza o laboratorio de próteses dentais, tendo en conta a relación entre as áreas de traballo e a actividade profesional ou o proceso produtivo.

– CA1.1. Determináronse as divisións das áreas, atendendo aos requisitos técnico-sanitarios exixidos.

– CA1.2. Distribuíronse os postos de traballo segundo os requisitos técnico-sanitarios, atendendo ás liñas de fabricación do laboratorio de prótese dental.

– CA1.3. Tivéronse en conta os requisitos sobre seguridade e hixiene no traballo relativos a un laboratorio de prótese dental.



- CA1.4. Distribuíronse as máquinas segundo criterios de seguridade e ergonomía.
- CA1.5. Colocáronse os utensilios e os medios de produción segundo criterios de funcionalidade.
- CA1.6. Planificouse un sistema de adquisición e xestión de equipamentos e maquinaria, e estableceuse un plan de revisión.
 - RA2. Controla o almacenamento de materiais e o mantemento de equipamentos, aplicando técnicas informáticas de xestión.
 - CA2.1. Descríronse os sistemas informáticos utilizados na xestión do gabinete de próteses e ortoses dentais.
 - CA2.2. Seleccionáronse os métodos e as condicións de almacenamento e conservación dos produtos e os materiais, en función do seu tipo e das súas características.
 - CA2.3. Explicáronse os métodos de control de existencias e de realización do inventario de materiais.
 - CA2.4. Confeccionáronse pedidos de materiais e outros elementos segundo os protocolos establecidos.
 - CA2.5. Establecéronse as cantidades mínimas necesarias de materiais funxibles para asegurar a actividade do gabinete.
 - CA2.6. Describiuse o procedemento de rexistro do mantemento e a posta a punto dos aparellos e dos equipamentos.
 - RA3. Acondiciona os produtos protésicos e describe as fases do proceso.
 - CA3.1. Interpretouse a prescrición facultativa.
 - CA3.2. Identificáronse os datos para o rexistro da prescrición.
 - CA3.3. Clasificáronse as técnicas de limpeza e desinfección.
 - CA3.4. Limpouse e desinfectouse o produto.



- CA3.5. Establecéronse as condicións de utilización dos aparellos.
- CA3.6. Clasificáronse os sistemas de envasamento do produto.
- CA3.7. Cubriuse o formulario de declaración de conformidade.
- CA3.8. Interpretáronse as instrucións de mantemento e conservación das próteses dentais contidas na tarxeta identificativa.
- CA3.9. Xestionouse o tratamento e a eliminación de diversos tipos de residuos.
- CA3.10. Valorouse a orde e a limpeza durante as fases do proceso e na presentación do produto.
- RA4. Xestiona a documentación, para o que selecciona aplicacións informáticas, e detalla os protocolos de arquivo.
 - CA4.1. Elaborouse documentación relativa ao sistema de calidade, establecendo un organigrama que asigne as funcións do persoal.
 - CA4.2. Analizouse a documentación relativa ás especificacións de cada produto.
 - CA4.3. Elaborouse documentación que permita a rastrexabilidade dos produtos dentro da cadea de produción.
 - CA4.4. Describíronse as aplicacións informáticas na xestión da documentación.
 - CA4.5. Aplicáronse sistemas de codificación aos datos contidos na documentación.
 - CA4.6. Detallouse o procedemento de arquivo da documentación relativa á comercialización que conterá os datos identificativos do produto.
 - CA4.7. Describiuse o procedemento de rexistro das prescricións dos produtos emitidos polos facultativos especialistas.



– CA4.8. Analizouse o documento de seguridade sobre protección de datos, conforme establece a Lei orgánica de protección de datos, e describíronse as condicións do seu uso.

– CA4.9. Definíronse e controláronse as condicións de facturación e cobramento dos traballos realizados.

• RA5. Elabora procedementos normalizados de traballo para a fabricación de próteses dentais, interpretando a normativa sanitaria.

– CA5.1. Seleccionouse a normativa relacionada en cada caso.

– CA5.2. Identificáronse os criterios de calidade de fabricación.

– CA5.3. Enumeráronse as necesidades de recursos humanos e materiais para a elaboración de próteses.

– CA5.4. Deseñáronse os procedementos normalizados de traballo para os métodos de fabricación de próteses removibles de resina e próteses parciais metálicas.

– CA5.5. Deseñáronse os procedementos normalizados de traballo para os métodos de fabricación de próteses fixas e implantosoportadas, e de aparellos de ortodoncia.

– CA5.6. Deseñouse un procedemento normalizado de traballo para a retirada de próteses sanitariamente perigosas.

– CA5.7. Interpretáronse instrucións e fichas de seguridade para a prevención de riscos.

– CA5.8. Seguíronse as normas para a correcta eliminación dos residuos.

1.1.2. Contidos básicos.

BC1. Deseño dun laboratorio de prótese dental.

• Requisitos técnico-sanitarios.

• Normativa legal para centros, instalacións e laboratorios de prótese dental.



- Características do laboratorio de próteses dentais.
- Equipamentos e maquinaria necesarios.
- Sistemas de adquisición de maquinaria e materiais funxibles.
- Normativa sobre seguridade e hixiene no laboratorio de prótese dental.
- Plan de revisións e mantemento.

BC2. Control de almacenamento e xestión informática.

- Sistemas informáticos de xestión.
- Aplicacións informáticas.
- Xestión de almacéns sanitarios:
 - Sistemas de almacenamento.
 - Condicións de mantemento de produtos en almacéns sanitarios.
 - Documentación de almacéns.
- Control de mantemento de equipamentos e aparellos.

BC3. Acondicionamento de produtos protésicos.

- Recepción.
- Entrega.
- Envasamento de próteses.
- Lexislación.

BC4. Administración da documentación.

- Documentación relativa ao sistema de calidade.



- Documentación de especificacións de produtos.
- Documentación de subministracións.
- Documentación de rastrexabilidade na cadea de produción.
- Procedementos normalizados de traballo para cada tipo de produto.
- Documentación de comercialización.
- Prescricións dos produtos emitidos por especialistas.
- Facturación e cobramento.

BC5. Elaboración dos procedementos normalizados de traballo.

- Organigrama e funcións do persoal.
- Materiais para a fabricación de próteses.
- Métodos de fabricación de cada tipo de prótese.
- Control de calidade das próteses.
- Retirada de próteses dentais do mercado.
- Rexistros de entrada de materia prima.
- Actuacións para retirada de produtos.
- Apertura de expediente.

1.1.3. Orientacións pedagóxicas.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de organización e xestión dun laboratorio de prótese dental, asegurando a calidade, a prevención, a seguridade e a protección.



A definición destas funcións abrangue aspectos como:

- Organización das áreas de traballo.
- Manexo de aplicacións informáticas de xestión.
- Control do almacén e mantemento de equipamentos.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Laboratorio de prótese dental.
- Industria dental ou depósitos dentais.
- Departamentos de investigación e desenvolvemento de produtos na industria dental.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), c), j), l), m), n), ñ) e o) do ciclo formativo, e as competencias a), b), c), e), j), k), l), m), n), ñ), o), p) e q).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Análise anatomofisiolóxica do aparello estomatognático.
- Definición do produto atendendo á prescrición facultativa e á normativa legal.
- Confección de cubetas individuais, pranchas base e rexistros de oclusión.
- Procedementos de obtención de modelos.

1.2. Módulo profesional: Deseño funcional de próteses.

- Equivalencia en créditos ECTS: 8.
- Código: MP0854.
- Duración: 133 horas.



1.2.1. Unidade formativa 1: Anatomía do aparello estomatognático e oclusión.

- Código: MP0854_13.

- Duración: 50 horas.

1.2.1.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

- RA1. Recoñece a estrutura do aparello estomatognático, e describe as características dos seus compoñentes e o seu funcionamento.

- CA1.1. Definíronse as principais estruturas óseas e articulares do cranio e da cara.

- CA1.2. Relacionáronse os músculos do cranio e da cara coa oclusión.

- CA1.3. Detállouse a dinámica da articulación témporo-mandibular (ATM).

- CA1.4. Especificáronse as estruturas morfolóxicas da cavidade oral.

- CA1.5. Describiuse a cronoloxía da erupción dental.

- CA1.6. Identificouse a morfoloxía dos dentes e dos tecidos de soporte.

- CA1.7. Modeláronse os dentes co material seleccionado, reproducindo a súa morfoloxía.

- CA1.8. Describíronse as características da dentición temporal, mixta e permanente.

- CA1.9. Codificáronse os dentes segundo diversos sistemas de nomenclatura.

- RA2. Supervisa a oclusión, para o que se analizan os modelos montados no articulador.

- CA2.1. Describiuse o manexo do articulador.

- CA2.2. Seleccionouse o articulador segundo o tipo de prótese.



– CA2.3. Comprobase a idoneidade dos movementos do modelo montado no articulador.

– CA2.4. Programouse o articulador segundo os valores individuais.

– CA2.5. Descríronse os movementos mandibulares en distintos planos e as relacións dos dentes en oclusión céntrica.

– CA2.6. Establecéronse os determinantes da oclusión e as actividades funcionais que impliquen contacto dentario.

– CA2.7. Describiuse a funcionalidade dunha oclusión funcional óptima.

– CA2.8. Identificáronse os requisitos oclusais nas restauracións de traballo.

– CA2.9. Comprobase que a oclusión sexa óptima nos aparellos obtidos a partir da avaliación efectuada.

– CA2.10. Valorouse a orde e a limpeza en todas as fases do proceso.

1.2.1.2. Contidos básicos.

BC1. Recoñecemento da estrutura do aparello estomatognático.

- Anatomía maxilofacial.
- Fisioloxía do aparello estomatognático.
- Ósos e músculos do cráneo.
- Neuroanatomía funcional e fisioloxía do sistema mastigatorio.
- Cavidade bucal: estruturas que a forman e as súas funcións.
- ATM.
- Dentes.
- Dentición: temporal, mixta e permanente.



- Morfoloxía dos dentes temporais e permanentes.
- Periodonto.
- Trazos anatómicos dos maxilares edéntulos.
- Alteracións xenxivais e/ou dentarias.

BC2. Supervisión da oclusión.

- Oclusión.
- Conceptos estáticos e dinámicos.
- Guías dos movementos.
- Determinantes ou factores da oclusión.
- Desharmonía oclusal.
- Movementos do articulador e diferenzas cos da ATM en diferentes tipos.
- Técnicas de montaxe dos modelos en diversos tipos de articuladores.
- Transferencia dos modelos ao articulador.
- Funcionalidade e manexo de distintos tipos de articuladores semiaxustables.
- Rexistro e programación do articulador segundo os valores individuais da persoa.
- Control de calidade en todas as fases do proceso.

1.2.2. Unidade formativa 2: Deseño de próteses, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais, e deseño asistido por computador.

- Código: MP0854_23.
- Duración: 35 horas.



1.2.2.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

- RA1. Formula o traballo de acordo coas características do produto, relacionando a prescrición facultativa co proceso de elaboración.

- CA1.1. Describiuse a normativa legal que deben cumprir as próteses dentais, os aparellos de ortodoncia e as férulas oclusais.

- CA1.2. Identificáronse os datos salientables que deben aparecer na prescrición facultativa.

- CA1.3. Rexistráronse os datos de identificación da prótese dental e de aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.

- CA1.4. Determinouse a cor e a morfoloxía dental individual.

- CA1.5. Seleccionáronse os materiais que se vaian utilizar segundo a súa idoneidade, a calidade, os acabamentos e a fiabilidade.

- CA1.6. Seleccionáronse os elementos do produto que cumpren os criterios de funcionalidade estética, calidade e custo.

- CA1.7. Determinouse a elaboración da prótese dentofacial, o aparello de ortodoncia ou a férula oclusal segundo os procedementos normalizados de traballo establecidos.

- CA1.8. Enumeráronse vantaxes e inconvenientes das posibles alternativas.

- RA2. Manexa ferramentas informáticas para o deseño de próteses dentais, aplicando tecnoloxías de deseño asistido por computador.

- CA2.1. Describíronse as características das aplicacións do deseño asistido por computador.

- CA2.2. Definíronse os equipamentos e os medios necesarios para o deseño de próteses ou ortoses dentais e aparellos de ortodoncia.

- CA2.3. Manexáronse aplicacións informáticas para dixitalizar a impresión e/ou o modelo.



- CA2.4. Creouse unha base de datos coa dixitalización da impresión e/ou do modelo.
- CA2.5. Describíronse os comandos e procedementos de debuxo en dúas e tres dimensións.
- CA2.6. Analizáronse as vantaxes e os inconvenientes das técnicas de deseño asistido por computador.
- CA2.7. Valorouse a importancia da incorporación de novas tecnoloxías no deseño e fabricación de próteses dentais e aparellos de ortodoncia.
- CA2.8. Realizáronse e arquiváronse copias de seguridade dos programas de deseño asistido por computador.

1.2.2.2. Contidos básicos.

BC1. Proposta de solucións de deseño.

- Lexislación.
- Prescrición facultativa.
- Próteses dentais.
- Aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.

BC2. Deseño asistido por computador.

- Equipamentos e medios necesarios para a programación do deseño de próteses ou ortoses dentais e aparellos de ortodoncia.
- Aplicacións informáticas para dixitalizar a impresión e o modelo.
- Características das aplicacións do deseño asistido por computador.
- Comandos e procedementos de debuxo en dúas e tres dimensións.
- Vantaxes e inconvenientes das técnicas de deseño asistido por computador.



- Novas tecnoloxías no deseño e na fabricación.
- Arquivo e copias de seguridade dos programas de deseño asistido por computador.
- Criterios actitudinais na participación en novos programas formativos e proxectos.

1.2.3. Unidade formativa 3: Elaboración de modelos, cubetas individuais, pranchas base e rexistros de oclusión.

- Código: MP0854_33.
- Duración: 48 horas.

1.2.3.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

• RA1. Obtén o modelo mediante a positivaxe da impresión, e describe as técnicas de elaboración.

– CA1.1. Describiuse o comportamento dos materiais empregados na confección de impresións e modelos.

– CA1.2. Definiuse o procedemento que garanta a estabilidade dimensional da impresión.

– CA1.3. Mesturáronse os compoñentes en proporcións e tempos segundo especificación de fábrica.

– CA1.4. Seleccionáronse e utilizáronse os aparellos que se empregan no proceso.

– CA1.5. Identificáronse lugares de instalación e medidas de seguridade e de mantemento dos aparellos.

– CA1.6. Seguiuse o procedemento para a obtención do modelo.

– CA1.7. Comprobose que o modelo obtido satisfaga os criterios de fiabilidade e calidade.

– CA1.8. Aplicáronse as normas de prevención de riscos.



- CA1.9. Aplicouse a lexislación en tratamento de residuos e protección ambiental.
 - RA2. Elabora cubetas individuais, pranchas base e rodetes de articulación, para o que selecciona materiais e técnicas.
 - CA2.1. Describíronse materiais e técnicas de elaboración de cubetas.
 - CA2.2. Identificáronse os trazos anatómicos do modelo.
 - CA2.3. Realizouse o deseño establecendo os límites dos bordos.
 - CA2.4. Realizouse a cubeta individual co material seleccionado, establecendo os límites deseñados.
 - CA2.5. Describíronse materiais e técnicas de elaboración de pranchas base.
 - CA2.6. Comprobouse a estabilidade e os axustes das pranchas base sobre o modelo.
 - CA2.7. Confeccionáronse roletes de oclusión en edéntulos parciais e totais.
 - CA2.8. Seguíronse os protocolos establecidos para a elaboración de cubetas, pranchas base e rexistros de oclusión.
 - CA2.9. Consegúronse os acabamentos necesarios para non danar tecidos brandos.
 - CA2.10. Valorouse a organización e a xestión na realización das tarefas do proceso produtivo.
- 1.2.3.2. Contidos básicos.
- BC1. Obtención da positivaxe da impresión.
- Materiais de impresión para a obtención de modelos.
 - Cubetas para a obtención do modelo.
 - Materiais para o modelo.
 - Técnicas de baleiramento.



- Encofrado de impresións mucodinámicas ou funcionais.
- Modelo partido split-cast.
- Criterios de calidade do proceso.
- Prevención de riscos químicos e biolóxicos no proceso de positivaxe.
- Aspectos legislativos no tratamento de residuos e na protección ambiental.

BC2. Elaboración de cubetas individuais, pranchas base e rexistros de oclusión.

- Deseño sobre impresións e modelo.
- Tipos de cubetas.
- Materiais para cubetas.
- Técnicas de elaboración de cubetas.
- Materiais para pranchas base.
- Técnicas de adaptación de pranchas base.
- Materiais para rexistros de oclusión.
- Técnicas de adaptación: parámetros de referencia.
- Criterios actitudinais na organización e na xestión do proceso produtivo.

1.2.4. Orientacións pedagóxicas.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de definición e deseño do produto, control e aseguramento da calidade, prevención, seguridade e protección.

A definición destas funcións abrangue aspectos como:

- Recoñecemento das características anatómicas do aparello estomatognático.



- Interpretación da prescrición facultativa.
- Elaboración de cubetas individuais, pranchas base e rexistros de oclusión.
- Obtención de modelos.
- Análise da oclusión no articulador.
- Deseño de próteses ou ortoses dentais mediante programas informáticos.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Laboratorio de prótese dental.
- Industrias dentais ou depósitos dentais.
- Departamentos de investigación e desenvolvemento de produtos na industria dental.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais d), e), f), g), h), j), l), m) e o) do ciclo formativo, e as competencias d), e), f), g), j), k), l), m), n), ñ), p) e q).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Análise anatomofisiolóxica do aparello estomatognático.
- Definición do produto atendendo á prescrición facultativa e á normativa legal.
- Confección de cubetas individuais, pranchas base e rexistros de oclusión.
- Procedementos de obtención de modelos.
- Definición das operacións de deseño e fabricación de próteses e aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.
- Análise da oclusión.
- Aplicacións informáticas para o deseño e a fabricación de próteses dentais, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.



O correcto desenvolvemento deste módulo exige a disposición de medios informáticos con conexión á internet.

1.3. Módulo profesional: Próteses completas.

- Equivalencia en créditos ECTS: 11.
- Código: MP0855.
- Duración: 187 horas.

1.3.1. Unidade formativa 1: Articulación dentaria, enceramento e polimerización de próteses completas.

- Código: MP0855_12.
- Duración: 157 horas.

1.3.1.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

• RA1. Realiza montaxes de proba en próteses desdentadas totais, identificando a posición das pezas dentarias.

- CA1.1. Baleiráronse os modelos a partir dunha impresión.
- CA1.2. Zocoláronse os modelos.
- CA1.3. Elaboráronse as placas de resina.
- CA1.4. Analizáronse as referencias dos roletes para a montaxe no articulador.
- CA1.5. Montáronse os modelos no articulador.
- CA1.6. Determinouse os trazos anatómicos dos maxilares edéntulos.
- CA1.7. Seleccionáronse os dentes artificiais.
- CA1.8. Montáronse os dentes no maxilar superior.
- CA1.9. Montáronse os dentes no maxilar inferior.



- CA1.10. Deseñáronse as bases das próteses.
- CA1.11. Modeláronse as bases das próteses.
- CA1.12. Modeláronse os contornos cervicais dos dentes artificiais.
- CA1.13. Preparáronse as montaxes de proba para a súa colocación na boca.
- CA1.14. Realizouse o procedemento con precisión, orde e método.
- RA2. Procesa as próteses completas, con interpretación das técnicas de empaquetado de resina.
 - CA2.1. Valorouse a idoneidade da montaxe de proba.
 - CA2.2. Realizouse a modelaxe definitiva das próteses.
 - CA2.3. Confeccionouse a mufla cos modelos mestres.
 - CA2.4. Eliminouse a cera da mufla e a contramufla.
 - CA2.5. Confeccionáronse retencións aos dentes artificiais.
 - CA2.6. Vernizáronse todas as superficies de xeso en mufla e contramufla.
 - CA2.7. Prensouse e inxectouse a resina.
 - CA2.8. Polimerizouse a resina.
 - CA2.9. Cumpríronse os criterios de calidade en cada paso do procedemento.
- RA3. Realiza a remontaxe e a talla das próteses completas, seleccionando as técnicas da talla selectiva.
 - CA3.1. Recuperáronse as próteses das muflas.
 - CA3.2. Remontáronse os modelos no articulador.
 - CA3.3. Comprobáronse as posibles variacións no proceso de enmuflaxe.



- CA3.4. Seleccíonouse as condicións de fresaxe.
 - CA3.5. Realizouse o axuste das próteses nos modelos.
 - CA3.6. Talláronse os contactos prematuros en oclusión céntrica.
 - CA3.7. Talláronse vertentes e fosas nas cúspides dos grupos posteriores en lateralidade.
 - CA3.8. Talláronse vertentes e fosas nas cúspides dos grupos posteriores en protrusión.
 - CA3.9. Comprobose o reaxuste da oclusión.
 - RA4. Repasa e púe próteses completas, interpretando os procedementos técnicos de acabado.
 - CA4.1. Retiráronse as próteses dos modelos mestres.
 - CA4.2. Rebaixáronse as próteses en longo e grosor ata os límites funcionais.
 - CA4.3. Modelouse nas próteses a forma das raíces dentarias.
 - CA4.4. Seleccíonáronse materiais e maquinaria para o puído e abrillantamento.
 - CA4.5. Puíronse as próteses.
 - CA4.6. Abrillantáronse as próteses.
 - CA4.7. Comprobose o acabado das próteses.
- 1.3.1.2. Contidos básicos.
- BC1. Realización de montaxes de proba en próteses desdentadas totais.
- Tipos de cubetas.
 - Xesos dentais e baleiramento de modelos.
 - Zocoladores e os seus usos.



- Placas base.
- Roletes de articulación.
- Trazos anatómicos dos maxilares edéntulos.
- Límites funcionais das bases dunha prótese completa.
- Dentes artificiais.
- Selección de dentes artificiais.
- Técnicas de montaxe.
- Deseño e modelaxe das bases dunha prótese completa.
- Oclusión en próteses completas.
- Modelaxe de contornos dentais.

BC2. Procesamento e empaquetado das próteses completas.

- Preparación de próteses completas para enmuflaxe.
- Técnicas de colocación da prótese encerada na mufla.
- Resinas de uso odontolóxico en prótese removible: tipos e características.
- Compoñentes dunha resina acrílica.
- Mestura dunha resina acrílica.
- Métodos de polimerización de resinas.
- Procedementos para eliminar a cera.
- Vernices separadores.
- Preparacións para a retención dos dentes.



- Proceso de empaquetado ou inxección da resina acrílica.
- Proceso de polimerización da resina acrílica.
- Proceso para desenuflar as próteses.
- Fenómenos derivados do proceso de polimerización.

BC3. Remontaxe e talla das próteses completas.

- Consecuencias dos cambios dimensionais durante o proceso de polimerización e a presenza de contactos prematuros.

- Papel de articular: tipos e técnica de aplicación.
- Criterios que cómpre ter en conta para a detección de erros de articulación.
- Corrección das alteracións da oclusión mediante a técnica de talla selectiva no articulador: máxima intercuspidadación en relación céntrica, lateralidade e protrusión.

BC4. Repaso e puído de próteses completas.

- Elementos rotativos para o repaso e o puído das próteses acrílicas: materiais, formas e técnica.

- Materiais abrasivos para o puído de próteses acrílicas.
- Elementos rotativos e materiais de abrillantamento.
- Técnicas de puído e abrillantamento.

1.3.2. Unidade formativa 2: Compostura e rebaseamentos das próteses completas removibles de resina.

- Código: MP0855_22.
- Duración: 30 horas.



1.3.2.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

- RA1. Repara próteses removibles de resina, para o que identifica os tipos de composición.

- CA1.1. Determinouse o tipo de rotura na prótese.

- CA1.2. Identificouse o tipo de reparación que cumpra realizar.

- CA1.3. Baleirouse o modelo de escaiola ou silicona.

- CA1.4. Fixáronse os fragmentos, as pezas dentarias e os ganchos na prótese.

- CA1.5. Enceráronse as partes necesarias.

- CA1.6. Incluíronse os dentes necesarios.

- CA1.7. Confeccionouse unha chave de escaiola ou silicona.

- CA1.8. Preparáronse as superficies de resina para a súa unión.

- CA1.9. Preparouse e aplicouse a mestura de acrílico autopolimerizable.

- CA1.10. Establecéronse as condicións de presión, temperatura e tempo da polimerizadora.

- CA1.11. Repasouse, puíuse e abrillantouse a zona reparada.

- RA2. Confecciona rebaseamentos en próteses removibles de resina, e describe os procedementos técnicos.

- CA2.1. Baleirouse en escaiola a impresión da base da dentadura.

- CA2.2. Confeccionouse a chave de posición e dimensión vertical sobre o modelo colocado no articulador.

- CA2.3. Acondicionouse a base da dentadura.

- CA2.4. Vernizouse a superficie do modelo.



- CA2.5. Preparouse e aplicouse a mestura de acrílico autopolimerizable.
 - CA2.6. Establecéronse as condicións de presión, temperatura e tempo da polimerizadora.
 - CA2.7. Repasouse, puíuse e abrillantouse a zona reparada.
 - CA2.8. Comprobose o axuste das próteses.
 - RA3. Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.
 - CA3.1. Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, instrumental e aparellos do taller.
 - CA3.2. Describíronse as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar na execución de operacións na área de prótese dental.
 - CA3.3. Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, instrumental e equipamentos de traballo.
 - CA3.4. Valoráronse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.
 - CA3.5. Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
 - CA3.6. Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.
- 1.3.2.2. Contidos básicos.
- BC1. Confección de reparacións en próteses removibles de resina.
- Tipos de reparacións: técnicas, materiais e equipamentos.
 - Tipos de composturas.
 - Técnicas de confección de reparacións.
 - Materiais e equipamentos.



BC2. Confección de rebaseamentos en próteses removibles de resina.

- Tipos de rebaseamentos.
- Técnicas: método directo e indirecto.
- Materiais e equipamentos.

BC3. Aplicación de normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental.

- Identificación de riscos.
- Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.
- Normativa de prevención de riscos laborais en prótese dental.
- Factores e situacións de risco.
- Factores físicos da área de traballo.
- Factores químicos da área de traballo.
- Sistemas de seguridade aplicados ás máquinas e aos equipamentos.
- Seguridade no taller de próteses.
- Medios e equipamentos de protección individual.
- Prevención e protección colectiva.
- Normativa reguladora da xestión de residuos.
- Clasificación e almacenamento de residuos.
- Tratamento e recollida de residuos.
- Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
- Cumprimento da normativa de protección ambiental.



- Métodos e normas de orde e limpeza.
- Compromiso ético cos valores de conservación e defensa do patrimonio ambiental e cultural da sociedade.
- Xestión ambiental.

1.3.3. Orientacións pedagóxicas.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de elaboración e reparación de próteses completas de resina, asegurando a calidade, a prevención, a seguridade e a protección.

A definición destas funcións abrangue aspectos como:

- Realización de montaxes de proba en próteses desdentadas totais.
- Procesamento de próteses completas.
- Selección e execución de técnicas de talla.
- Realización do puído e o abrillantamento da prótese.
- Reparación e confección de rebaseamentos de próteses removibles de resina.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Laboratorio de prótese dental.
- Industria dental ou depósitos dentais.
- Departamentos de investigación e desenvolvemento de produtos na industria dental.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais d), e), f), g), h), i), j), k), l), m), n), ñ), o), p) e q) do ciclo formativo, e as competencias d), e), f), g), h), i), j), k), l), m), n), ñ) e o).



As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Identificación das características dos maxilares edéntulos.
- Interpretación da prescrición facultativa.
- Manipulación de materiais.
- Manexo de equipamento e instrumental.
- Elaboración e reparación de próteses completas.
- Cumprimento das normas de seguridade e hixiene laboral.

O correcto desenvolvemento deste módulo exige que non se impartan menos de dúas sesións de traballo consecutivas.

1.4. Módulo profesional: Aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.

- Equivalencia en créditos ECTS: 16.
- Código: MP0856.
- Duración: 266 horas.

1.4.1. Unidade formativa 1: Diagnóstico e materiais en ortodoncia.

- Código: MP0856_12.
- Duración: 92 horas.

1.4.1.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

- RA1. Identifica as anomalías dentofaciais, tendo en conta a relación das características dos aparellos de ortodoncia e as férulas coa prescrición facultativa.

- CA1.1. Interpretouse a prescrición facultativa e a súa terminoloxía.



- CA1.2. Detalláronse as malposicións dentarias.
- CA1.3. Describíronse as maloclusións dentarias e as súas clasificacións.
- CA1.4. Describíronse parafuncións e hábitos anómalos.
- CA1.5. Identificáronse os sistemas de forza que permiten o control do movemento dentario.
- CA1.6. Relacionáronse os sistemas de forza cos cambios biolóxicos que se producen no periodonto e demais estruturas dentarias.
- CA1.7. Clasificáronse os aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.
- RA2. Simula no modelo as expectativas previstas no tratamento proposto, identificando parámetros e realizando medidas e axustes.
- CA2.1. Recoñecéronse os métodos de diagnóstico por imaxe aplicados no diagnóstico en ortodoncia.
- CA2.2. Relacionáronse puntos, liñas e ángulos cefalométricos coa malposición e a maloclusión dentaria.
- CA2.3. Describíronse as técnicas de elaboración dos modelos de traballo e dos modelos diagnósticos.
- CA2.4. Describíronse técnicas e materiais para a duplicación de modelos.
- CA2.5. Montáronse os modelos no articulador a partir de rexistros intraorais e extraorais.
- CA2.6. Relacionáronse as características morfolóxicas de cada arcada coas anomalías dentarias e as relacións intermaxilares.
- CA2.7. Valorouse o tamaño de maxilares e pezas dentarias.
- CA2.8. Realizouse a montaxe diagnóstica de predeterminación.



• RA3. Selecciona equipamentos e materiais en relación co seu proceso de elaboración, para o que recoñece as súas características.

– CA3.1. Describíronse as características de arames e preformas metálicas.

– CA3.2. Seleccionouse o tipo de soldadura en función dos materiais e das exixencias da unión.

– CA3.3. Identificáronse características das resinas acrílicas e outros tipos de plásticos.

– CA3.4. Clasificáronse os parafusos segundo a súa aplicación nas placas de ortodoncia.

– CA3.5. Relacionáronse os instrumentos coa confección de bandas, ligaduras e manipulación de arames.

– CA3.6. Aplicouse o protocolo de colocación de equipamentos, instrumentos e materiais para unha sistemática de traballo secuenciada.

1.4.1.2. Contidos básicos.

BC1. Identificación de anomalías dentofaciais e biomecánica.

- Terminoloxía da ortodoncia: etimoloxía e nomenclatura.
- Malposicións e maloclusións dentarias.
- Anomalías relacionadas con parafuncións e con hábitos anómalos.
- Movemento dentario: reacción tisular ante as forzas.
- Clasificación do movemento dentario.
- Ancoraxe.
- Clasificación dos aparellos de ortodoncia.

BC2. Simulación no modelo de estudo.

- Radiografías.



- Cefalometría.
- Técnicas de elaboración de modelos en ortodoncia.
- Análise dos modelos.
- Índices de discrepancia oseodentaria.
- Valoración do tamaño do maxilar e do tamaño dentario.
- Montaxe diagnóstica de predeterminación (set-up diagnóstico).

BC3. Selección de equipamentos, materiais e instrumental.

- Clasificación dos arames.
- Propiedades físicas e químicas dos arames.
- Técnicas de dobra de arames.
- Soldaduras.
- Resinas acrílicas.
- Tipos de alicates e instrumentos utilizados en ortodoncia.
- Tipos de parafusos.

1.4.2. Unidade formativa 2: Elaboración de aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.

- Código: MP0856_22.
- Duración: 174 horas.

1.4.2.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

- RA1. Elabora aparellos de ortodoncia e férulas oclusais removibles, para o que selecciona técnicas de polimerización e acabado final.

- CA1.1. Describiuse a utilidade, as vantaxes e as desvantaxes dos aparellos removibles fronte aos aparellos fixos.



- CA1.2. Identificáronse os compoñentes do aparello removible segundo a placa prescrita.
- CA1.3. Describíronse as características, as funcións e os tipos dos elementos retentivos, estabilizadores e activadores da placa.
- CA1.4. Elaboráronse os elementos retentivos, estabilizadores e activadores da placa.
- CA1.5. Colocáronse os elementos retentivos, estabilizadores e activadores no modelo.
- CA1.6. Elaborouse a base acrílica segundo as técnicas de elaboración.
- CA1.7. Describíronse os movementos máis frecuentes realizados no tratamento con placas removibles.
- CA1.8. Realizouse o acondicionamento do produto segundo criterios e normativa técnico-sanitaria.
- RA2. Elabora aparellos removibles de ortodoncia, para o que selecciona aditamentos segundo a prescrición facultativa.
- CA2.1. Diferenciouse placa removible pasiva e activa.
- CA2.2. Cortáronse as papilas interdentarias no modelo e marcouse a posición das puntas de frecha e a anchura da ponte dun gancho de Adams.
- CA2.3. Adaptáronse as retencións do gancho por lingual, pero sen que toque a mucosa, para que poida entrar a resina por debaixo.
- CA2.4. Pegáronse os ganchos, o arco vestibular e demais aditamentos á placa antes de botar o separador.
- CA2.5. Identificáronse os elementos activos dunha placa removible, e elaboráronse placas de expansión con elementos activos e parafusos de diferente acción.
- CA2.6. Seleccionáronse os compoñentes dos aparellos funcionais.



- CA2.7. Acondicionouse o produto segundo normativa técnico-sanitaria establecida.
- CA2.8. Axustouse a realización do aparello ao tempo establecido.
- RA3. Elabora aparellos fixos e aparellos extraorais, seleccionando aditamentos segundo a prescrición facultativa.
 - CA3.1. Descríbense os tipos e as aplicacións dos aparellos fixos e extraorais.
 - CA3.2. Confeccionáronse bandas.
 - CA3.3. Respectáronse as medidas prescritas na elaboración.
 - CA3.4. Relacionáronse as técnicas de elaboración co tipo de aparello.
 - CA3.5. Soldáronse os elementos do aparello á banda.
 - CA3.6. Comprobase o axuste do aparello e a idoneidade do aparello no modelo.
 - CA3.7. Acondicionouse o produto segundo normativa técnico-sanitaria establecida.
 - CA3.8. Realizouse o proceso produtivo con precisión, orde e método.
- RA4. Elabora férulas oclusais, con interpretación da prescrición facultativa.
 - CA4.1. Descríbense os tipos e a utilidade das férulas oclusais.
 - CA4.2. Descríbense as técnicas e os materiais para a duplicación do modelo.
 - CA4.3. Realizáronse os alivios, a marcaxe e o deseño, e valorouse a incorporación de elementos retentivos metálicos.
 - CA4.4. Elaboráronse férulas oclusais con resina acrílica.
 - CA4.5. Elaboráronse férulas oclusais con aparello termomoldeado ao baleiro.
 - CA4.6. Realizouse o axuste oclusal no articulador.
 - CA4.7. Realizouse a talla selectiva.



- CA4.8. Acondicionouse o produto segundo a normativa técnico-sanitaria establecida.
- CA4.9. Valorouse a orde e a limpeza durante as fases do proceso e na presentación do produto.
 - RA5. Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.
- CA5.1. Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, o instrumental e os aparellos do taller.
- CA5.2. Describíronse as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar na execución de operacións na área da prótese dental.
- CA5.3. Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, instrumental e equipamentos de traballo.
- CA5.4. Valoráronse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.
- CA5.5. Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
- CA5.6. Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.

1.4.2.2. Contidos básicos.

BC1. Elaboración de aparellos de ortodoncia e férulas oclusais removibles.

- Aparellos removibles.
- Elementos retentivos: ganchos.
- Arcos vestibulares.
- Resortes.
- Parafusos.



- Levantes metálicos e acrílicos.
- Técnicas de elaboración e colocación de elementos retentivos, estabilizadores e activadores da placa.

- Bases acrílicas.

- Acondicionamento do produto.

BC2. Elaboración de aparellos removibles.

- Aparellos removibles activos, e de retención ou pasivos.
- Técnicas de elaboración de aparellos removibles activos e pasivos.
- Aparellos funcionais.
- Acondicionamento do produto.
- Secuencia da elaboración.

BC3. Elaboración de aparellos fixos e extraorais.

- Aparellos fixos: tipos e aplicacións; técnicas de confección e características.
- Aparellos extraorais.
- Acondicionamento do produto.
- Secuencia temporal da elaboración.

BC4. Elaboración de férulas oclusais.

- Utilidade.
- Tipos de férulas oclusais.
- Elaboración con aparello termomoldeado ao baleiro.
- Elaboración con resina acrílica.



- Acondicionamento do produto.
 - Control de calidade nas fases do proceso e na presentación do produto.
- BC5. Aplicación de normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental.
- Identificación de riscos.
 - Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.
 - Normativa de prevención de riscos laborais en prótese dental.
 - Factores e situacións de risco.
 - Factores físicos da área de traballo.
 - Factores químicos da área de traballo.
 - Sistemas de seguridade aplicados ás máquinas e aos equipamentos.
 - Seguridade no taller de próteses.
 - Medios e equipamentos de protección individual.
 - Prevención e protección colectiva.
 - Normativa reguladora da xestión de residuos.
 - Clasificación e almacenamento de residuos.
 - Tratamento e recollida de residuos.
 - Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
 - Cumprimento da normativa de protección ambiental.
 - Métodos e normas de orde e limpeza.
 - Compromiso ético cos valores de conservación e defensa do patrimonio ambiental e cultural da sociedade.
 - Xestión ambiental.



1.4.3. Orientacións pedagóxicas.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de elaboración e reparación de aparellos de ortodoncia e férulas oclusais, control e aseguramento da calidade, prevención, seguridade e protección.

A definición destas funcións abrangue aspectos como:

- Interpretación da prescrición facultativa.
- Obtención de modelos.
- Recoñecemento das malposicións dentarias e maloclusións.
- Preparación do equipamento, o material e o instrumental para a elaboración do produto.
- Aplicación de técnicas de fabricación do produto prescrito.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Laboratorio de prótese dental.
- Industrias dentais ou depósitos dentais.
- Departamentos de investigación e desenvolvemento de produtos na industria dental.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais d), e), f), g), h), i), k), l), m), n), ñ) o) e p) do ciclo formativo, e as competencias d), e), f), g), h), i), j), k), l), n), ñ), o) e q).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Identificación das malposicións dentarias e maloclusións.
- Interpretación da prescrición facultativa.
- Manipulación de materiais.
- Manexo de equipamento e instrumental.



- Elaboración de aparellos removibles e fixos.
- Cumprimento das normas de seguridade e hixiene laboral.

O correcto desenvolvemento deste módulo exige que non se impartan menos de dúas sesións de traballo consecutivas.

1.5. Módulo profesional: Restauracións e estruturas metálicas en prótese fixa.

- Equivalencia en créditos ECTS: 13.
- Código: MP0857.
- Duración: 187 horas.

1.5.1. Unidade formativa 1: Elaboración de estruturas en cera e metálicas.

- Código: MP0857_12.
- Duración: 147 horas.

1.5.1.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

- RA1. Obtén tocos individualizados, interpretando procedementos de elaboración.
 - CA1.1. Diferenciáronse os sistemas de individualización de modelos.
 - CA1.2. Preparouse o material e o instrumental.
 - CA1.3. Baleirouse a impresión e recortouse o modelo.
 - CA1.4. Individualizáronse as pezas necesarias.
 - CA1.5. Aplicouse o separador de escaiola, comprobouse a estabilidade e zocolouse o modelo con diferentes técnicas.
 - CA1.6. Diferenciáronse os tipos de talla.
 - CA1.7. Cortouse o modelo, rebaixouse o troquel ata a marxe da talla e aplicouse a laca espazadora.



- CA1.8. Comprobase que os tocos individualizados reproduzan a posición no modelo.
- CA1.9. Montáronse as arcadas no articulador, permitindo o acceso aos tocos desmontables.
- CA1.10. Cumpríronse os criterios de calidade en cada paso do procedemento.
- RA2. Obtén a estrutura en cera, identificando as técnicas de enceramento.
 - CA2.1. Seleccionouse o instrumental e as ceras.
 - CA2.2. Aplicóuselle ao toco e ás pezas de contacto o separador de cera.
 - CA2.3. Identificáronse as características da estrutura que cumpra confeccionar en metal.
 - CA2.4. Aplicáronse os procedementos relativos ás técnicas de adición e inmersión.
 - CA2.5. Modeláronse as pezas dentarias en cera, respectando a forma e o grosor.
 - CA2.6. Comprobase o axuste no modelo.
 - CA2.7. Comprobase no articulador a relación co antagonista.
 - CA2.8. Valorouse a orde e a limpeza nas fases do proceso e na presentación do produto.
- RA3. Prepara as estruturas enceradas para a coada, seleccionando as fases do proceso.
 - CA3.1. Incorporáronse os bebedoiros de calibre e lonxitude precisos e na súa posición.
 - CA3.2. Elixíuse o cilindro para as estruturas que cumpra coar.
 - CA3.3. Preparouse o cilindro, colocando os bebedoiros no formador do crisol e tratando a superficie interna do cilindro.
 - CA3.4. Realizouse a técnica para eliminar a tensión superficial.



- CA3.5. Recoñecéronse os tipos de revestimentos e as súas proporcións, así como os tempos de fraguado.
- CA3.6. Realizouse o proceso de inclusión en revestimento.
- CA3.7. Calculouse a cantidade de metal necesaria para coar.
- CA3.8. Efectuouse todo o proceso en tempo e forma.
- RA4. Obtén o negativo da estrutura, identificando a técnica da cera perdida.
- CA4.1. Programáronse os fornos de prequentamento.
- CA4.2. Programouse o depurador de fumes.
- CA4.3. Recoñecéronse as fases e os tempos do quentamento.
- CA4.4. Preparouse o cilindro e colocouse no forno.
- CA4.5. Controlouse o tempo do cilindro no forno segundo o tamaño.
- CA4.6. Aplicouse o protocolo de colocación de equipamentos.
- CA4.7. Comprobouse a integridade do cilindro.
- CA4.8. Utilizáronse as luvas ignífugas e os lentes de protección.
- CA4.9. Realizáronse os procedementos con orde e método.
- RA5. Obtén a restauración ou estrutura metálica modelada, para o que interpreta as técnicas de coada.
- CA5.1. Recoñecéronse os tipos de máquinas de fusión e de coada.
- CA5.2. Recoñecéronse os metais utilizados e as súas temperaturas de fusión.
- CA5.3. Retirouse o cilindro do forno e colocouse na máquina utilizada.
- CA5.4. Diferenciáronse os tipos de crisol e colocouse a cantidade de metal calculada.



– CA5.5. Realizouse a técnica de coada seguindo pautas de temperatura de fusión e tempo.

– CA5.6. Recuperouse a estrutura eliminando o revestimento, areando e recortando bebedoiros.

– CA5.7. Realizouse o repaso, o puído e o abrillantamento.

– CA5.8. Verificouse a calibración e o axuste da estrutura.

– CA5.9. Utilizáronse os equipamentos de protección individual necesarios nas fases do proceso.

• RA6. Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.

– CA6.1. Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, instrumental e aparellos do taller.

– CA6.2. Describíronse as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar na execución de operacións na área de prótese dental.

– CA6.3. Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, instrumental e equipamentos de traballo.

– CA6.4. Valoráronse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

– CA6.5. Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.

– CA6.6. Cumpríuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.

1.5.1.2. Contidos básicos.

BC1. Obtención de tocos individualizados.

• Xeso.



- Baleiramento das impresións.

- Preparación de tocos.

- Tipos de pins.

- Tipos de tallas.

- Técnica de metalizado de tocos.

BC2. Obtención da estrutura de cera.

- Materiais e instrumental utilizados.

- Características e manipulación das ceras de modelaxe.

- Principios básicos para a confección dun patrón de cera.

- Técnicas de modelaxe e de enceramento.

- Acabamento e puído da cera.

- Puntos de contacto.

BC3. Preparación das estruturas para a coada.

- Bebedoiros e respiradoiros.

- Cilindros.

- Revestimentos.

BC4. Obtención do negativo da estrutura.

- Expansión térmica.

- Pautas de prequentamento.

- Tipos de fornos.



- Técnica da cera perdida.

- Colocación dos cilindros.

BC5. Obtención da restauración ou estrutura metálica modelada.

- Equipamento para coada.

- Tipos e composición das aliaxes.

BC6. Aplicación de normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental.

- Identificación de riscos.

- Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.

- Normativa de prevención de riscos laborais en prótese dental.

- Factores e situacións de risco.

- Factores físicos da área de traballo.

- Factores químicos da área de traballo.

- Sistemas de seguridade aplicados ás máquinas e aos equipamentos.

- Seguridade no taller de próteses.

- Medios e equipamentos de protección individual.

- Prevención e protección colectiva.

- Normativa reguladora da xestión de residuos.

- Clasificación e almacenamento de residuos.

- Tratamento e recollida de residuos.

- Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.



- Cumprimento da normativa de protección ambiental.
- Métodos e normas de orde e limpeza.
- Compromiso ético cos valores de conservación e defensa do patrimonio ambiental e cultural da sociedade.
- Xestión ambiental.

1.5.2. Unidade formativa 2: Obtención de estruturas mecanizadas e por galvanoforración.

- Código: MP0857_22.
- Duración: 40 horas.

1.5.2.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

- RA1. Obtén a estrutura mecanizada, utilizando programas de deseño asistido por computador (CAD/CAM) e sistemas de mecanizado manual.
 - CA1.1. Diferenciouse o proceso de mecanizado da estrutura.
 - CA1.2. Acondicionáronse as pezas piares, aliviando as zonas retentivas.
 - CA1.3. Escaneouse o modelo e deseñouse a estrutura por computador.
 - CA1.4. Procesáronse os datos e transmitíronse á máquina fresadora.
 - CA1.5. Seleccionáronse os bloques de material para a fresaxe.
 - CA1.6. Realizouse a fresaxe manual na copiadora-fresadora.
 - CA1.7. Sinterizouse o produto.
 - CA1.8. Comprobouse o axuste das restauracións sobre o modelo mestre.
 - CA1.9. Realizáronse e arquiváronse copias de seguridade dos programas de deseño asistido por computador.



- RA2. Obtén estruturas metálicas, interpretando os sistemas de galvanoformación.
 - CA2.1. Valoráronse as vantaxes e os inconvenientes do sistema de galvanoformación.
 - CA2.2. Describiuse o proceso electrolítico.
 - CA2.3. Definíronse as características dos metais para esta técnica.
 - CA2.4. Duplicouse o toco para a electrólise.
 - CA2.5. Aplicouse a laca de prata para o proceso electrolítico.
 - CA2.6. Verificouse o grosor obtido.
 - CA2.7. Valorouse a organización e a xestión na realización das tarefas do proceso produtivo.

- RA3. Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os prever.
 - CA3.1. Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, instrumental e aparellos do taller.
 - CA3.2. Describíronse as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar na execución de operacións na área de prótese dental.
 - CA3.3. Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, instrumental e equipamentos de traballo empregados.
 - CA3.4. Valoráronse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.
 - CA3.5. Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
 - CA3.6. Cumpríuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.



1.5.2.2. Contidos básicos.

BC1. Obtención de estruturas mecanizadas.

- Características das aplicacións dos sistemas CAD/CAM.
- Equipamentos e medios para a mecanización por computador.
- Sistemas e máquinas de fresaxe.
- Sinterización.
- Materiais utilizados para realizar estruturas mecanizadas.

BC2. Obtención de estruturas de ouro e prata.

- Aplicacións da técnica de galvanoformación.
- Técnica de electrodeposición.

BC3. Aplicación de normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental.

- Identificación de riscos.
- Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.
- Normativa de prevención de riscos laborais en prótese dental.
- Factores e situacións de risco.
- Factores físicos da área de traballo.
- Factores químicos da área de traballo.
- Sistemas de seguridade aplicados ás máquinas e aos equipamentos.
- Seguridade no taller de próteses.
- Medios e equipamentos de protección individual.



- Prevención e protección colectiva.
- Normativa reguladora da xestión de residuos.
- Clasificación e almacenamento de residuos.
- Tratamento e recollida de residuos.
- Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
- Cumprimento da normativa de protección ambiental.
- Métodos e normas de orde e limpeza.
- Compromiso ético cos valores de conservación e defensa do patrimonio ambiental e cultural da sociedade.
- Xestión ambiental.

1.5.3. Orientacións pedagóxicas.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de elaboración de tocos individualizados e de estruturas metálicas segundo técnicas de coada, galvanoformación e por computador, seguindo as normas de calidade e seguridade.

A definición destas funcións abrangue aspectos como:

- Preparación de modelos de escaiola da impresión.
- Montaxe en articulador.
- Modelaxe en cera das estruturas.
- Realización da técnica da cera perdida.
- Realización das técnicas de coada.
- Utilización de computadores para CAD/CAM.
- Elaboración de estruturas metálicas con sistemas de galvanoformación.



As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Laboratorio de prótese dental.
- Industria dental ou depósitos dentais.
- Departamentos de investigación e desenvolvemento de produtos na industria dental.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), c), d), e), f), g), h), j), k), l), n), ñ) e o) do ciclo formativo, e as competencias d), e), f), g), h), i), j), k), l), m), n), ñ), o) e q).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Preparación do modelo.
- Modelaxe da estrutura.
- Montaxe da estrutura en cilindro.
- Posta a punto dos equipamentos.
- Obtención da estrutura en metal.
- Realización de estruturas por computador.
- Utilización dos equipamentos de protección individual.

O correcto desenvolvemento deste módulo exige a disposición de medios informáticos con conexión á internet e que non se impartan menos de dúas sesións de traballo consecutivas.

1.6. Módulo profesional: Próteses parciais e removibles metálicas, de resina e mixtas.

- Equivalencia en créditos ECTS: 11.
- Código: MP0858.
- Duración: 210 horas.



1.6.1. Unidade formativa 1: Deseño, enceramento e estruturas metálicas.

- Código: MP0858_13.

- Duración: 147 horas.

1.6.1.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

- RA1. Realiza a modelaxe en cera, para o que interpreta as técnicas de traballo.

- CA1.1. Identificáronse características do modelo no paralelómetro.

- CA1.2. Determinouse o eixe de inserción da prótese.

- CA1.3. Deseñáronse os elementos retentivos, recíprocos e estabilizadores, e os conectadores maiores e menores.

- CA1.4. Aliviouse o modelo mestre.

- CA1.5. Reproduciuse o modelo mestre en revestimento.

- CA1.6. Modelouse en cera a base, os conectadores e os retentores.

- CA1.7. Confeccionáronse os conectadores menores.

- CA1.8. Incorporouse o número de bebedoiros do calibre e da lonxitude apropiados á estrutura deseñada.

- CA1.9. Deseñáronse e elaboráronse próteses parciais removibles metálicas e próteses mixtas mediante programas de deseño asistido por computador.

- CA1.10. Realizouse o proceso con precisión, orde e método.

- RA2. Elabora a base metálica por coada a cera perdida, tendo en conta a relación entre a técnica específica e a aliaxe utilizada.

- CA2.1. Describíronse os tipos de aliaxes e revestimentos.

- CA2.2. Determináronse as proporcións e o tempo de fraguado do revestimento.



- CA2.3. Realizouse o proceso de inclusión en revestimento.
- CA2.4. Programouse o forno de prequentamento e o depurador de fumes.
- CA2.5. Fundiuse a aliaxe metálica seguindo protocolos de tempo e de temperatura.
- CA2.6. Utilizouse maquinaria de coada.
- CA2.7. Cortáronse os bebedeiros e chorráronse con area as superficies metálicas.
- CA2.8. Repasouse a superficie do metal e aplicouse o baño electrolítico.
- CA2.9. Puíuse e abrillantouse a superficie metálica.
- CA2.10. Xustificouse a aplicación de protocolos de prevención de riscos.

1.6.1.2. Contidos básicos.

BC1. Realización da modelaxe en cera.

- Clasificación das denticións parciais.
- Compoñentes que integran unha prótese parcial removible metálica.
- Consideracións biomecánicas das próteses parciais removibles metálicas.
- Factores determinantes no deseño dunha prótese parcial removible metálica.
- Procedementos para o deseño de próteses parciais.
- Paralelómetro.
- Paralelización de modelos.
- Bloqueo, alivio e marcaxe do modelo.
- Duplicación de modelos.



- Transferencia do deseño.
- Enceramento.
- Deseño asistido por computador.
- Colocación dos bebedoiros.

BC2. Elaboración da base metálica.

- Revestimento e colocación en cilindro.
- Quentamento do cilindro.
- Aliaxes metálicas utilizadas en prótese parcial removible metálica.
- Sistemas de coada.
- Recuperación, areamento e decapaxe da coada.
- Desbastamento, puído e abrillantamento da estrutura.
- Probas e axuste da estrutura metálica ao modelo mestre.

1.6.2. Unidade formativa 2: Soldaduras e próteses mixtas.

- Código: MP0858_23.
- Duración: 30 horas.

1.6.2.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

- RA1. Solda elementos metálicos, para o que selecciona as técnicas de soldaxe.
 - CA1.1. Seleccionouse o tipo de soldadura para cada aliaxe.
 - CA1.2. Delimitouse a área de soldadura para garantir a resistencia.
 - CA1.3. Preparouse e desengraxouse a área que se vaia soldar mediante chorreamento con óxido de aluminio.



- CA1.4. Realizáronse modelos de revestimento para unir as partes que se vaian soldar.
 - CA1.5. Procedeuse a realizar a soldadura por medio de sobrete ou doutro tipo de maquinaria.
 - CA1.6. Recortouse o exceso de material.
 - CA1.7. Repasouse e puíuse a superficie.
 - CA1.8. Utilizáronse equipamentos de protección para soldadura.
 - RA2. Incorpora compoñentes de próteses mixtas ou retedores forxados á estrutura, seleccionando os medios de suxeición.
 - CA2.1. Seleccionáronse os elementos secundarios das ancoraxes.
 - CA2.2. Confeccionouse a estrutura.
 - CA2.3. Incorporáronse as ancoraxes á estrutura.
 - CA2.4. Comprobose a posición mediante o paraleómetro.
 - CA2.5. Confeccionáronse modelos de revestimento para unir as partes que cumpra soldar.
 - CA2.6. Confeccionáronse retedores mediante arame forxado.
 - CA2.7. Confeccionáronse retedores mediante coada ou por sistemas de inxección.
 - CA2.8. Soldáronse e fixéronse os elementos secundarios á estrutura metálica.
- 1.6.2.2. Contidos básicos.
- BC1. Soldadura de elementos metálicos.
- Aliaxes.
 - Soldadura: área, resistencia, técnicas e criterios de calidade.



BC2. Incorporación de compoñentes de próteses mixtas ou outros retentores.

- Clasificación de ancoraxes utilizadas en próteses mixtas.
- Tipos de estruturas.
- Elementos que compoñen unha ancoraxe.
- Colocación do elemento secundario das ancoraxes, mediante paralelómetro, para o unir á estrutura metálica.
- Paralelización e procura do eixe de inserción correcto para confeccionar retentores de arame forxado.
- Confección de retentores de arame forxado con arames de distintos calibres.
- Unión de diversos tipos de retentores mediante soldadura ou outras técnicas.

1.6.3. Unidade formativa 3: Montaxe de dentes e acrílicos.

- Código: MP0858_33.
- Duración: 33 horas.

1.6.3.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

- RA1. Monta pezas dentarias sobre bases metálicas, con interpretación dos requisitos técnicos.
 - CA1.1. Seleccionáronse as pezas dentarias.
 - CA1.2. Montáronse os modelos en articulador.
 - CA1.3. Articuláronse os dentes sobre a estrutura metálica.
 - CA1.4. Comprobose que se cumpran os principios da oclusión.
 - CA1.5. Realizouse unha montaxe atendendo a criterios estético-funcionais.
 - CA1.6. Confeccionouse a retención da peza dentaria.



- CA1.7. Modeláronse en cera as bases de zonas edéntulas.
 - CA1.8. Realizouse o proceso con precisión, orde e método.
 - RA2. Polimeriza os elementos de resina sobre as estruturas metálicas, con interpretación de procedementos técnicos.
 - CA2.1. Confeccionáronse frontes de silicona ou escaiola para reproducir as bases de cera e suxeitar os dentes protésicos.
 - CA2.2. Acondicionáronse as pezas dentarias e eliminouse a cera.
 - CA2.3. Vernizouse a superficie do modelo.
 - CA2.4. Preparouse a mestura de acrílico autopolimerizable.
 - CA2.5. Enchéronse coa técnica de vertedura as frontes de silicona.
 - CA2.6. Establecéronse as condicións de presión, temperatura e tempo da polimerizadora.
 - CA2.7. Puíuse e abrillantouse a prótese con instrumentos e maquinarias adecuados.
 - CA2.8. Remontáronse as próteses no articulador e revisouse a oclusión.
 - CA2.9. Aplicouse a lexislación no tratamento de residuos e protección ambiental.
- 1.6.3.2. Contidos básicos.
- BC1. Montaxe dos dentes artificiais.
- Selección de dentes artificiais.
 - Oclusión en próteses parciais removibles.
 - Montaxe de dentes e modelaxe das bases.
 - Técnicas de colocación de resina e a súa polimerización.



BC2. Polimerización dos elementos de resina.

- Resina e a súa polimerización.
- Técnicas de colocación.
- Carga e polimerización da resina, seguindo as instrucións e as normas de fábrica.
- Remontaxe en articulador e reaxuste da oclusión.
- Repaso e puído da prótese dental para alcanzar unha textura superficial lisa e brillante.
- Remontaxe da prótese e revisión da oclusión.

1.6.4. Orientacións pedagóxicas.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de elaboración e reparación de próteses parciais removibles e mixtas, asegurando a calidade, a prevención, a seguridade e a protección.

A definición desta función abrangue aspectos como:

- Interpretación da prescrición facultativa.
- Obtención de modelos refractarios.
- Selección de compoñentes da prótese mixta e retentores.
- Preparación do equipamento, o material e o instrumental para a elaboración do produto.
- Aplicación de técnicas de fabricación do produto prescrito.
- Utilización de computadores e programas informáticos para deseño asistido por computador.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Laboratorio de prótese dental.



- Industrias dentais ou depósitos dentais.
- Departamentos de investigación e desenvolvemento de produtos na industria dental.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b) d), e), f), g), h), i), k), l), m), n), ñ), o), p) e q) do ciclo formativo, e as competencias d), e), f), g), h), i), j), k), l), n), ñ) e o).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Realización de modelaxes en cera.
- Interpretación da prescrición facultativa.
- Manipulación de materiais.
- Manexo de equipamento e instrumental.
- Elaboración de próteses parciais e removibles metálicas, de resina e mixtas.
- Realización do deseño de estruturas por computador.
- Cumprimento das normas de seguridade e hixiene laboral.

O correcto desenvolvemento deste módulo exige a disposición de medios informáticos con conexión á internet e que non se impartan menos de dúas sesións de traballo consecutivas.

1.7. Módulo profesional: Restauracións e recubrimentos estéticos.

- Equivalencia en créditos ECTS: 13.
- Código: MP0859.
- Duración: 210 horas.



1.7.1. Unidade formativa 1: Restauracións provisionais e metal-resina.

- Código: MP0859_12.

- Duración: 60 horas.

1.7.1.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

- RA1. Elabora restauracións provisionais en resina, con interpretación das técnicas establecidas.

- CA1.1. Analizáronse as indicacións e as circunstancias estéticas dos provisionais.

- CA1.2. Diferenciáronse as técnicas para realizar os provisionais.

- CA1.3. Aplicouse o separador de cera e modelouse a peza segundo a morfoloxía da peza que cumpra duplicar.

- CA1.4. Realizouse a chave e colocouse a silicona sobre as pezas modeladas.

- CA1.5. Elixíuse a cor axeitada.

- CA1.6. Preparouse a mestura de resina e realizouse a técnica de enchedura da chave e os tocos.

- CA1.7. Estableceuse a presión, a temperatura e o tempo da polimerizadora.

- CA1.8. Repasáronse e puíronse as pezas provisionais de resina.

- CA1.9. Valorouse a orde e a limpeza nas fases do proceso e na presentación do produto.

- RA2. Realiza próteses en metal-resina e describe o proceso de elaboración.

- CA2.1. Preparouse a estrutura metálica para a súa adhesión á resina.

- CA2.2. Definiuse a cor axeitada para a prótese.



- CA2.3. Aplicáronse e polimerizáronse as capas de opacador, segundo a cor solicitada.
- CA2.4. Aplicáronse masas de resina, modificadores e maquillaxes, segundo a morfoloxía da peza que se vaia restaurar.
- CA2.5. Realizouse o proceso de polimerización da resina.
- CA2.6. Realizouse o repaso e o puído da restauración.
- CA2.7. Comprobouse o axuste, a oclusión, os puntos de contacto, a morfoloxía e a cor.
- CA2.8. Seleccionáronse os materiais para utilizar segundo a súa idoneidade, a calidade, os acabamentos e a fiabilidade.

1.7.1.2. Contidos básicos.

BC1. Elaboración de restauracións provisionais.

- Indicacións e funcións.
- Tipos.
- Materiais.
- Técnicas.

BC2. Realización de restauracións en metal-resina.

- Modelaxe de pezas dentarias.
- Características e propiedades dos materiais utilizados.
- Técnicas de elaboración.



- Técnicas de repaso e puído da resina.

1.7.2. Unidade formativa 2: Cerámica.

- Código: MP0859_22.

- Duración: 150 horas.

1.7.2.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

- RA1. Elabora próteses de metal-cerámica, para o que identifica os procedementos de cocción da cerámica.

– CA1.1. Preparouse o material coa toma de cor.

– CA1.2. Chorreuse a peza con óxido de aluminio e fíxose a limpeza con vapor.

– CA1.3. Programouse o forno para a oxidación da peza.

– CA1.4. Aplicáronse as capas de opacador á estrutura e cocouse no forno.

– CA1.5. Aplicóuselle selador e separador ao toco de escaiola.

– CA1.6. Aplicáronse as masas de cerámica e programouse o forno.

– CA1.7. Aplicáronse as masas de glaseamento e maquillaxe, para a súa posterior cocción no forno.

– CA1.8. Realizáronse as correccións e comprobouse o acabado da peza.

– CA1.9. Realizáronse os procedementos con rigor, orde e método.

- RA2. Realiza restauracións cerámicas sobre estruturas mecanizadas, con interpretación os procesos de escaneado e fresaxe.

– CA2.1. Preparouse a estrutura mecanizada para a colocación da cerámica.



- CA2.2. Aplicáronse as masas de cerámica á estrutura reproducindo a morfoloxía da peza, e colocáronse no forno segundo o programa de cocción.
- CA2.3. Aplicáronse as masas de glaseamento e maquillaxe para a súa posterior cocción no forno.
- CA2.4. Realizáronse as correccións repasando con fresas de diamante, discos e gommas, e caracterizouse a peza.
- CA2.5. Comprobouse o axuste, a oclusión, os puntos de contacto, a morfoloxía e a cor.
- CA2.6. Identificouse o proceso de desinfección, envasamento e etiquetaxe segundo a normativa.
- RA3. Realiza próteses en cerámica sen metal, para o que analiza as técnicas de termoinxección.
 - CA3.1. Identificáronse as características dos materiais e do forno de cerámica de inxección.
 - CA3.2. Modelouse en cera a peza que se vaia restaurar e colocouse en cilindro cos bebedoiros na posición e no tamaño adecuados.
 - CA3.3. Realizouse a inclusión en revestimento e púxose no forno en temperatura e tempo adecuados.
 - CA3.4. Colocouse no forno de inxección o cilindro e a pastilla de cerámica da cor indicada.
 - CA3.5. Recuperouse a estrutura do revestimento, repasouse e, en caso necesario, maquillouse.
 - CA3.6. Comprobouse o axuste, a oclusión, a cor e os puntos de contacto no modelo.
 - CA3.7. Valorouse a orde e a limpeza nas fases do proceso e na presentación do produto.



• RA4. Realiza restauracións de cerámica sen metal, con identificación da técnica da cerámica sobre o toco de escaiola.

– CA4.1. Acondicionáronse os dentes piares e preparáronse as zonas marxinais.

– CA4.2. Duplicouse o modelo en material de revestimento.

– CA4.3. Acondicionouse o toco de revestimento para recibir as masas cerámicas.

– CA4.4. Aplicáronse as masas cerámicas, reproducindo as características morfolóxicas, cromáticas e funcionais.

– CA4.5. Colocáronse no forno cos programas indicados.

– CA4.6. Recuperouse a restauración e eliminouse o material de revestimento.

– CA4.7. Comprobose no modelo o axuste, a oclusión, a cor e os puntos de contacto da estrutura.

– CA4.8. Valorouse a orde e a limpeza durante as fases do proceso e na presentación do produto.

• RA5. Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.

– CA5.1. Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, instrumental e aparellos do taller.

– CA5.2. Describíronse as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar na execución de operacións na área de prótese dental.

– CA5.3. Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, instrumental e equipamentos de traballo empregados.

– CA5.4. Valoráronse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.



– CA5.5. Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.

– CA5.6. Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.

1.7.2.2. Contidos básicos.

BC1. Elaboración de restauracións en metal-cerámica.

- Preparación do metal.
- Cerámica: tipos, composición, clasificación e propiedades.
- Mecanismos de formación de fendas e de produción de fracturas.
- Procedementos de elaboración das restauracións.
- Tipos de fornos de cerámica.

BC2. Realización de restauracións sobre estruturas mecanizadas.

- Modelaxe con cerámica.
- Adhesión da cerámica ás estruturas mecanizadas.
- Dinámica da cor.
- Integración da cerámica co circonio.
- Materiais utilizados para realizar estruturas mecanizadas.

BC3. Realización de restauracións de cerámica por inxección.

- Enceramento diagnóstico.
- Materiais de inxección.
- Talla.
- Cementación.



- Técnicas de inxección.
- Manipulación dos fornos de cerámica de inxección.
- Tipos de cerámicas de inxección.

BC4. Realización de restauracións sobre tocos de escaiola.

- Técnicas.
- Materiais utilizados.
- Recuperación da restauración.
- Técnicas de repaso.

BC5. Aplicación de normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental.

- Identificación de riscos.
- Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.
- Normativa de prevención de riscos laborais en prótese dental.
- Factores e situacións de risco.
- Factores físicos e químicos da área de traballo.
- Sistemas de seguridade aplicados ás máquinas e aos equipamentos.
- Seguridade no taller de próteses.
- Medios e equipamentos de protección individual.
- Prevención e protección colectiva.
- Normativa reguladora da xestión de residuos.
- Clasificación e almacenamento de residuos.



- Tratamento e recollida de residuos.
- Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
- Cumprimento da normativa de protección ambiental.
- Métodos e normas de orde e limpeza.
- Compromiso ético cos valores de conservación e defensa do patrimonio ambiental e cultural da sociedade.
- Xestión ambiental.

1.7.3. Orientacións pedagóxicas.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de elaboración de próteses provisionais en resina e próteses fixas en metal-resina, metal-cerámica e cerámica sen metal, seguindo as normas de calidade, prevención, seguridade e protección.

A función de elaboración de próteses abrangue aspectos como:

- Interpretación da prescrición.
- Análise dos parámetros e das características estéticas.
- Realización de técnicas de modelaxe.
- Preparación da estrutura metálica para a unión de cerámica ou resina.
- Selección dos materiais.
- Aplicación de técnicas de termoinxección.
- Seguimento das normas de prevención de riscos laborais.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Laboratorio de prótese dental.



- Industrias dentais ou depósitos dentais.
- Departamentos de investigación e desenvolvemento de produtos na industria dental.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais c), d), e), f), g), h), i), j), k), l), n), ñ), o) e p) do ciclo formativo, e as competencias d), e), f), g), h), i), j), k), l), m), n), ñ) e o).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Realización da técnica das restauracións provisionais.
- Elaboración das técnicas de modelaxe en xabón e en cera.
- Realización de estratificación da cerámica.
- Selección e manipulación de materiais.
- Manexo de equipamento e instrumental.
- Cumprimento das normas de prevención de riscos laborais.

O correcto desenvolvemento deste módulo exige que non se impartan menos de dúas sesións de traballo consecutivas.

1.8. Módulo profesional: Próteses sobre implantes.

- Equivalencia en créditos ECTS: 8.
- Código: MP0860.
- Duración: 157 horas.

1.8.1. Unidade formativa 1: Píares e implantes dentais para a rehabilitación protésica.

- Código: MP0860_12.
- Duración: 30 horas.



1.8.1.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

• RA1. Define as características dos implantes dentais en relación coa osteointegración e os materiais utilizados na súa fabricación.

– CA1.1. Describiuse a anatomía implantolóxica.

– CA1.2. Clasificáronse os factores condicionantes da osteointegración.

– CA1.3. Enumeráronse os factores (cargas) que actúan sobre os implantes.

– CA1.4. Describíronse a mecánica e a bioloxía da osteointegración.

– CA1.5. Determináronse os requisitos físicos, mecánicos e químicos dos materiais dos implantes.

– CA1.6. Relacionáronse as condicións da superficie do implante cos efectos na dinámica da osteointegración.

– CA1.7. Enumeráronse as características que deben cumprir as aliaxes empregadas nas próteses sobre implantes.

• RA2. Caracteriza a estrutura dos compoñentes dos implantes e dos piares, en relación coa rehabilitación protésica.

– CA2.1. Describíronse os tipos de implantes e os seus compoñentes.

– CA2.2. Describíronse os tipos de piares.

– CA2.3. Clasificáronse os tipos de próteses sobre implantes.

– CA2.4. Describíronse as indicacións clínicas e as contraindicacións dos implantes.

– CA2.5. Seleccionouse o protocolo de laboratorio segundo se trate de próteses unitarias, parciais fixas ou totais sobre implantes.

– CA2.6. Valorouse a disposición para realizar novas técnicas e coñecer novos compoñentes.



1.8.1.2. Contidos básicos.

BC1. Definición e características dos implantes dentais: osteointegración e materiais.

- Características da anatomía implantolóxica.
- Factores condicionantes da osteointegración.
- Factores que actúan sobre os implantes.
- Mecánica e bioloxía da osteointegración.
- Biomateriais para implantes dentais.
- Superficies dos implantes dentais (recubrimento superficial).
- Aliaxes empregadas en próteses sobre implantes.

BC2. Caracterización dos compoñentes de implantes, piares e tipos de rehabilitación protésica.

- Tipos de implantes.
- Compoñentes dos implantes.
- Piares: tipos.
- Clasificación dos tipos de próteses sobre implantes.
- Indicacións clínicas de próteses sobre implantes.
- Contraindicacións absolutas e relativas de próteses sobre implantes.
- Protocolo de laboratorio.
- Novos compoñentes e novas técnicas en implantes.



1.8.2. Unidade formativa 2: Elaboración de férulas radiolóxicas e cirúrxicas, e próteses sobre implantes.

- Código: MP0860_22.

- Duración: 127 horas.

1.8.2.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

- RA1. Obtén o modelo, seleccionando os aditamentos correspondentes segundo a prescrición facultativa.

- CA1.1. Identifícanse os datos salientables para interpretar a prescrición facultativa.

- CA1.2. Descríbense as características dos materiais de impresión utilizados en implantoloxía.

- CA1.3. Relacionáronse os materiais de impresión utilizados coa rehabilitación implantolóxica utilizada.

- CA1.4. Realízouse o baleiramento de impresións para modelos de estudo e fases intermedias de laboratorio.

- CA1.5. Realízouse o baleiramento de impresións para modelos de traballo segundo o método clásico.

- CA1.6. Realízouse o baleiramento de impresións para modelos de traballo segundo o sistema de férula ríxida de impresión (FRI).

- CA1.7. Realízouse o baleiramento de impresións para modelos de traballo segundo o método indirecto.

- CA1.8. Realízouse o proceso con precisión, orde e método.

- RA2. Elabora férulas radiolóxicas e cirúrxicas en relación coa prescrición facultativa.

- CA2.1. Realízouse un enceramento diagnóstico.



- CA2.2. Enumeráronse os requisitos xerais para o modelo e os requisitos de deseño na confección dunha férula radiolóxica en paciente edéntulo parcial.
- CA2.3. Confeccionouse mediante aparello de estampaxe ao baleiro unha férula radiolóxica para paciente edéntulo parcial.
- CA2.4. Fabricouse unha férula radiolóxica para paciente edéntulo parcial segundo o método de enceramento e acrílico.
- CA2.5. Definíronse os requisitos que debe cumprir o duplicado e a prótese completa dun paciente edéntulo total.
- CA2.6. Elaborouse unha férula radiolóxica mediante o duplicado da prótese nun paciente edéntulo total.
- CA2.7. Confeccionouse unha férula cirúrxica a partir do enceramento diagnóstico.
- CA2.8. Valorouse o deseño asistido por computador de férulas cirúrxicas.
- RA3. Confecciona próteses fixas implantosoportadas, para o que interpreta a prescrición facultativa.
 - CA3.1. Clasificáronse os tipos de próteses fixas implantosoportadas.
 - CA3.2. Diferenciáronse as indicacións, os inconvenientes e as particularidades biomecánicas das próteses fixas implantosoportadas.
 - CA3.3. Confeccionouse a estrutura metálica e comprobouse se existe axuste pasivo.
 - CA3.4. Cortouse a supraestrutura cun disco de carborundo o máis próximo posible ao parafuso desaxustado e uníronse ambas as partes mediante soldadura.
 - CA3.5. Fabricouse unha chave de silicona a partir da confección dos dentes en cera.
 - CA3.6. Elaborouse a estrutura metálica coas dimensións e a inclinación adecuadas facilitadas pola chave de silicona.



– CA3.7. Aplicáronse á estrutura metálica as capas de porcelana e realizouse a cocción no forno.

– CA3.8. Acondicionouse o produto e rexistrouse segundo criterios e normativa de carácter técnico-sanitario.

– CA3.9. Aplicouse a lexislación no tratamento de residuos e protección ambiental.

• RA4. Confecciona sobredentaduras sobre implantes, en relación coa prescrición facultativa.

– CA4.1. Analizáronse as características do traballo solicitado na receita protésica en sobredentaduras sobre implantes.

– CA4.2. Describiuse o protocolo de traballo en sobredentaduras mucosoportadas e de soporte mixto.

– CA4.3. Analizáronse os sistemas retentivos das sobredentaduras.

– CA4.4. Elaborouse a prótese con barras, con sistema Locator ou con bólas como elementos retentivos.

– CA4.5. Definiuse o axuste pasivo.

– CA4.6. Defíníronse as características dos compoñentes dunha sobredentadura de soporte implantario.

– CA4.7. Confeccionouse a mesoestrutura e a supraestrutura.

– CA4.8. Acondicionouse o produto para proceder á súa embalaxe e á súa entrega segundo os criterios e a normativa técnico-sanitaria establecidos.

– CA4.9. Rexistráronse os datos na documentación técnico-sanitaria.

1.8.2.2. Contidos básicos.

BC1. Obtención do modelo.

• Prescrición facultativa.



- Características dos materiais de impresión en próteses sobre implantes.
- Características da impresión para modelos de estudo e fases intermedias de laboratorio.
- Compoñentes protésicos que se utilizan na toma e no baleiramento de impresións.
- Impresión para modelos de traballo: método clásico, sistema de férula ríxida de impresión (FRI) e método indirecto.
- Criterios de calidade en cada fase do proceso.

BC2. Elaboración de férulas radiolóxicas e cirúrxicas.

- Enceramento diagnóstico: utilidade e técnica.
- Requisitos xerais para o modelo nunha férula radiolóxica.
- Requisitos de deseño xerais nunha férula radiolóxica.
- Confección de férula radiolóxica en edéntulo parcial.
- Férula radiolóxica en edéntulo total: confección da férula radiolóxica.
- Requisitos da férula cirúrxica.
- Férulas para cirurxía guiada.

BC3. Confección de próteses fixas implantosoportadas.

- Clasificación.
- Prescrición facultativa.
- Próteses fixas aparafusadas sobre implantes.
- Próteses fixas cementadas sobre implantes.



- Acondicionamento do produto.
 - Lexislación sobre residuos e protección ambiental.
- BC4. Confección de sobredentaduras sobre implantes.
- Clasificación das sobredentaduras segundo a vía de soporte.
 - Tipos de sistemas retentivos: barras, Locator e bólas.
 - Sobredentaduras mucosoportadas e de soporte mixto.
 - Axuste pasivo: técnica.
 - Sobredentaduras implantosoportadas.
 - Confección.

- Acondicionamento do produto.

1.8.3. Orientacións pedagóxicas.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de elaboración e reparación de próteses sobre implantes, control e aseguramento da calidade, prevención, seguridade e protección.

A definición destas funcións abrangue aspectos como:

- Interpretación da prescrición facultativa.
- Preparación do equipamento, o material e o instrumental para a elaboración do produto.
- Elaboración de férulas radiolóxicas e cirúrxicas.
- Confección de próteses fixas e sobredentaduras sobre implantes.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Laboratorio de prótese dental.



- Industrias dentais ou depósitos dentais.
- Departamentos de investigación e desenvolvemento de produtos na industria dental.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais d), e), f), g), h), i), j), k), l), m), n), ñ) e o) do ciclo formativo, e as competencias d), e), f), g), h), i), j), k), l), m), n), o) e q).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Interpretación da prescrición facultativa.
- Manipulación de materiais.
- Realización de enceramento diagnóstico.
- Elaboración de férulas radiolóxicas e cirúrxicas.
- Elaboración de mesoestrutura e supraestrutura.
- Cumprimento das normas de seguridade e hixiene laboral.

O correcto desenvolvemento deste módulo exige a disposición de medios informáticos con conexión á internet e que non se impartan menos de tres sesións de traballo consecutivas.

1.9. Módulo profesional: Proxecto de próteses dentais.

- Equivalencia en créditos ECTS: 5.
- Código: MP0861.
- Duración: 26 horas.

1.9.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

- RA1. Identifica necesidades do sector produtivo en relación con proxectos tipo que as poidan satisfacer.
 - CA1.1. Clasifícanse as empresas do sector polas súas características organizativas e o tipo de produto ou servizo que ofrecen.



- CA1.2. Caracterizáronse as empresas tipo e indicouse a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento.
- CA1.3. Identificáronse as necesidades máis demandadas ás empresas.
- CA1.4. Valoráronse as oportunidades de negocio previsibles no sector.
- CA1.5. Identificouse o tipo de proxecto requirido para dar resposta ás demandas previstas.
- CA1.6. Determináronse as características específicas requiridas ao proxecto.
- CA1.7. Determináronse as obrigas fiscais, laborais e de prevención de riscos, e as súas condicións de aplicación.
- CA1.8. Identificáronse as axudas e as subvencións para a incorporación de novas tecnoloxías de produción ou de servizo que se propoñan.
- CA1.9. Elaborouse o guión de traballo para seguir na elaboración do proxecto.
- RA2. Deseña proxectos relacionados coas competencias expresadas no título, onde inclúe e desenvolve as fases que o compoñen.
 - CA2.1. Compilouse información relativa aos aspectos que se vaian tratar no proxecto.
 - CA2.2. Realizouse o estudo da viabilidade técnica do proxecto.
 - CA2.3. Identificáronse as fases ou as partes que compoñen o proxecto, e o seu contido.
 - CA2.4. Establecéronse os obxectivos procurados e identificouse o seu alcance.
 - CA2.5. Prevíronse os recursos materiais e persoais necesarios para realizar o proxecto.
 - CA2.6. Realizouse o orzamento correspondente.



– CA2.7. Identificáronse as necesidades de financiamento para a posta en marcha do proxecto.

– CA2.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para o seu deseño.

– CA2.9. Identificáronse os aspectos que se deben controlar para garantir a calidade do proxecto.

• RA3. Planifica a posta en práctica ou a execución do proxecto, para o que determina o plan de intervención e a documentación asociada.

– CA3.1. Estableceuse a secuencia de actividades ordenadas en función das necesidades de posta en práctica.

– CA3.2. Determináronse os recursos e a loxística necesarios para cada actividade.

– CA3.3. Identificáronse as necesidades de permisos e autorizacións para levar a cabo as actividades.

– CA3.4. Determináronse os procedementos de actuación ou execución das actividades.

– CA3.5. Identificáronse os riscos inherentes á posta en práctica e definiuse o plan de prevención de riscos, así como os medios e os equipamentos necesarios.

– CA3.6. Planificouse a asignación de recursos materiais e humanos, e os tempos de execución.

– CA3.7. Fíxose a valoración económica que dea resposta ás condicións da posta en práctica.

– CA3.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a posta en práctica ou execución.

• RA4. Define os procedementos para o seguimento e o control na execución do proxecto e xustifica a selección das variables e dos instrumentos empregados.

– CA4.1. Definiuse o procedemento de avaliación das actividades ou intervencións.



- CA4.2. Definióense os indicadores de calidade para realizar a avaliación.
- CA4.3. Definiuse o procedemento para a avaliación das incidencias que se poidan presentar durante a realización das actividades, así como a súa solución e o seu rexistro.
- CA4.4. Definiuse o procedemento para xestionar os cambios nos recursos e nas actividades, incluíndo o sistema para o seu rexistro.
- CA4.5. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a avaliación das actividades e do proxecto.
- CA4.6. Estableceuse o procedemento para a participación na avaliación das persoas usuarias ou da clientela, e elaboráronse os documentos específicos.
- CA4.7. Estableceuse un sistema para garantir o cumprimento do prego de condicións do proxecto, cando este exista.
- RA5. Elabora e expón o informe do proxecto realizado, e xustifica o procedemento seguido.
 - CA5.1. Enunciáronse os obxectivos do proxecto.
 - CA5.2. Describiuse o proceso seguido para a identificación das necesidades das empresas do sector.
 - CA5.3. Describiuse a solución adoptada a partir da documentación xerada no proceso de deseño.
 - CA5.4. Describíronse as actividades en que se divide a execución do proxecto.
 - CA5.5. Xustificáronse as decisións tomadas de planificación da execución do proxecto.
 - CA5.6. Xustificáronse as decisións tomadas de seguimento e control na execución do proxecto.
 - CA5.7. Formuláronse as conclusións do traballo realizado en relación coas necesidades do sector produtivo.



- CA5.8. Formuláronse, de ser o caso, propostas de mellora.
- CA5.9. Realizáronse, de ser o caso, as aclaracións solicitadas na exposición.
- CA5.10. Empregáronse ferramentas informáticas para a presentación dos resultados.

1.9.2. Orientacións pedagóxicas.

Este módulo complementa a formación establecida para o resto dos módulos profesionais que integran o currículo nas funcións de análise do contexto, deseño do proxecto e organización da execución.

A función de análise do contexto inclúe as subfuncións de compilación de información, identificación de necesidades e estudo de viabilidade.

A función de deseño do proxecto ten como obxectivo establecer as liñas xerais para dar resposta ás necesidades presentadas, concretando os aspectos salientables para a súa realización. Inclúe as subfuncións de definición do proxecto, planificación da intervención e elaboración da documentación.

A función de organización da execución inclúe as subfuncións de programación de actividades, xestión de recursos e supervisión da intervención.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións desenvólense no sector das próteses dentais.

Fomentárase e valorárase a creatividade, o espírito crítico e a capacidade de innovación nos procesos realizados, así como a adaptación da formación recibida en supostos laborais e en novas situacións.

O equipo docente exercerá a titoría das seguintes fases de realización do traballo, que se realizarán fundamentalmente de xeito non presencial: estudo das necesidades do sector produtivo, deseño, planificación, e seguimento da execución do proxecto.

A exposición do informe, que realizará todo o alumnado, é parte esencial do proceso de avaliación e defenderase ante o equipo docente.



Polas súas propias características, a formación do módulo relaciónase con todos os obxectivos xerais do ciclo e con todas as competencias profesionais, persoais e sociais, bardante no relativo á posta en práctica de diversos aspectos da intervención deseñada.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Execución de traballos en equipo.
- Autoavaliación do traballo realizado.
- Autonomía e iniciativa.
- Uso das TIC.

1.10. Módulo profesional: Formación e orientación laboral.

- Equivalencia en créditos ECTS: 5.
- Código: MP0862.
- Duración: 107 horas.

1.10.1. Unidade formativa 1: Prevención de riscos laborais.

- Código: MP0862_12.
- Duración: 45 horas.

1.10.1.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

- RA1. Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.

- CA1.1. Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.

- CA1.2. Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.



– CA1.3. Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.

– CA1.4. Comprenderonse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.

– CA1.5. Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.

– CA1.6. Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector sanitario de próteses dentais.

– CA1.7. Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.

• RA2. Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector sanitario de próteses dentais.

– CA2.1. Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en Próteses Dentais.

– CA2.2. Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.

– CA2.3. Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en Próteses Dentais.

– CA2.4. Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en Próteses Dentais.

– CA2.5. Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade.



• RA3. Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.

– CA3.1. Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.

– CA3.2. Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.

– CA3.3. Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.

– CA3.4. Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.

– CA3.5. Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.

– CA3.6. Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.

– CA3.7. Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en Próteses Dentais.

– CA3.8. Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.

• RA4. Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en Próteses Dentais.

– CA4.1. Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.

– CA4.2. Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.

– CA4.3. Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.



– CA4.4. Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.

– CA4.5. Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.

– CA4.6. Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

1.10.1.2. Contidos básicos.

BC1. Dereitos e obrigas en seguridade e saúde laboral.

- Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
- Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
- Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.

• Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.

- Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

BC2. Avaliación de riscos profesionais.

• Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.

• Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.

• Riscos específicos no sector sanitario de próteses dentais en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.

• Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector sanitario de próteses dentais.



BC3. Planificación da prevención de riscos na empresa.

- Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
- Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
- Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
- Planificación da prevención na empresa.
- Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
- Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
- Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

BC4. Aplicación de medidas de prevención e protección na empresa.

- Medidas de prevención e protección individual e colectiva.
- Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
- Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
- Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

1.10.2. Unidade formativa 2: Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social e procura de emprego.

- Código: MP0862_22.
- Duración: 62 horas.

1.10.2.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

• RA1. Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.

– CA1.1. Identificáronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en Próteses Dentais e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.



- CA1.2. Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
- CA1.3. Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
- CA1.4. Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
- CA1.5. Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
- CA1.6. Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
- CA1.7. Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.
- RA2. Identifica os dereitos e as obrigas que derivan das relacións laborais, e recoñeceos en diferentes situacións de traballo.
- CA2.1. Identificáronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
- CA2.2. Distinguíronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
- CA2.3. Identificáronse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
- CA2.4. Analizáronse as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
- CA2.5. Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
- CA2.6. Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en Próteses Dentais.



– CA2.7. Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

– CA2.8. Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.

– CA2.9. Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

– CA2.10. Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.

– CA2.11. Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

– CA2.12. Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

• RA3. Determina a acción protectora do sistema da Seguridade Social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.

– CA3.1. Valórouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.

– CA3.2. Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de Seguridade Social.

– CA3.3. Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.

– CA3.4. Determináronse as principais prestacións contributivas da Seguridade Social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.

– CA3.5. Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.



• RA4. Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.

– CA4.1. Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.

– CA4.2. Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás exixencias do proceso produtivo.

– CA4.3. Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros Estados da Unión Europea.

– CA4.4. Valorouse o principio de non discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.

– CA4.5. Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en Próteses Dentais.

– CA4.6. Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.

– CA4.7. Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en Próteses Dentais.

– CA4.8. Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.

– CA4.9. Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

1.10.2.2. Contidos básicos.

BC1. Xestión do conflito e equipos de traballo.

• Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.

• Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.



- Equipos no sector sanitario de próteses dentais segundo as funcións que desempeñen.
- Dinámicas de grupo.
- Equipos de traballo eficaces e eficientes.
- Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.

- Conflito: características, tipos, causas e etapas.
- Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

BC2. Contrato de traballo.

- Dereito do traballo.
- Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
- Análise da relación laboral individual.
- Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
- Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en Próteses Dentais.
- Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
- Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución etc.
- Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.
- Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.
- Representación das persoas traballadoras na empresa.



- Conflitos colectivos.
- Novos contornos de organización do traballo.

BC3. Seguridade social, emprego e desemprego.

- A seguridade social como pilar do estado social.
- Estrutura do sistema de Seguridade Social.
- Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
- Protección por desemprego.
- Prestacións contributivas da Seguridade Social.

BC4. Procura activa de emprego.

- Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
- Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en Próteses Dentais.
- Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
- Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en Próteses Dentais.
- Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en Próteses Dentais.
- Proceso de toma de decisións.
- Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
- Técnicas e instrumentos de procura de emprego.



1.10.3. Orientacións pedagóxicas.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumnado se poida inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector sanitario de próteses dentais.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais m), n), ñ), o), p), q) e s) do ciclo formativo, e as competencias k), l), m), n), ñ), o) e p).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

– Manexo das fontes de información para a elaboración de itinerarios formativo-profesionalizadores, en especial no referente ao sector sanitario de próteses dentais.

– Posta en práctica de técnicas activas de procura de emprego:

– Realización de probas de orientación e dinámicas sobre as propias aspiracións, competencias e capacidades.

– Manexo de fontes de información, incluídos os recursos da internet para a procura de emprego.

– Preparación e realización de cartas de presentación e currículos (potenciarase o emprego doutros idiomas oficiais na Unión Europea no manexo de información e elaboración do currículo Europass).

– Familiarización coas probas de selección de persoal, en particular a entrevista de traballo.

– Identificación de ofertas de emprego público ás que se pode acceder en función da titulación, e resposta á súa convocatoria.

– Formación de equipos na aula para a realización de actividades mediante o emprego de técnicas de traballo en equipo.

– Estudo das condicións de traballo do sector sanitario de próteses dentais a través do manexo da normativa laboral, dos contratos máis comunmente utilizados e do convenio colectivo de aplicación no sector sanitario de próteses dentais.



– Superación de calquera forma de discriminación no acceso ao emprego e no desenvolvemento profesional.

– Análise da normativa de prevención de riscos laborais que lle permita a avaliación dos riscos derivados das actividades desenvolvidas no sector produtivo, así como a colaboración na definición dun plan de prevención para a empresa e das medidas necesarias para a súa posta en práctica.

O correcto desenvolvemento deste módulo exige a disposición de medios informáticos con conexión á internet e que polo menos dúas sesións de traballo semanais sexan consecutivas.

1.11. Módulo profesional: Empresa e iniciativa emprendedora.

• Equivalencia en créditos ECTS: 4.

• Código: MP0863.

• Duración: 53 horas.

1.11.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

• RA1. Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.

– CA1.1. Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.

– CA1.2. Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.

– CA1.3. Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.

– CA1.4. Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector sanitario de próteses dentais.



– CA1.5. Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.

– CA1.6. Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.

– CA1.7. Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito de próteses dentais, que servirá de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.

– CA1.8. Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.

• RA2. Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.

– CA2.1. Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.

– CA2.2. Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.

– CA2.3. Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.

– CA2.4. Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.

– CA2.5. Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de próteses dentais en función da súa posible localización.

– CA2.6. Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.



– CA2.7. Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coas próteses dentais e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.

– CA2.8. Identificáronse, en empresas de próteses dentais, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.

– CA2.9. Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.

– CA2.10. Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.

– CA2.11. Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de próteses dentais, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.

– CA2.12. Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

• RA3. Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.

– CA3.1. Analizouse o concepto de persoa empresarial, así como os requisitos que cumpren para desenvolver a actividade empresarial.

– CA3.2. Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.

– CA3.3. Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector sanitario de próteses dentais.

– CA3.4. Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.

– CA3.5. Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.



– CA3.6. Identificáronse os trámites exixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.

– CA3.7. Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.

– CA3.8. Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de próteses dentais tendo en conta a súa localización.

– CA3.9. Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

• RA4. Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.

– CA4.1. Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.

– CA4.2. Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.

– CA4.3. Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumos anuais etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada co sector sanitario de próteses dentais, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais e liquidacións anuais).

– CA4.4. Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa de próteses dentais, e describíronse os circuitos que percorre esa documentación na empresa.

– CA4.5. Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.



1.11.2. Contidos básicos.

BC1. Iniciativa emprendedora.

- Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de próteses dentais (materiais, tecnoloxía, organización da produción etc.).
- Cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
- Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
- Actuación das persoas emprendedoras no sector sanitario de próteses dentais.
- O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
- Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
- Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
- Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito de próteses dentais.

BC2. A empresa e o seu contorno.

- A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
- Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de próteses dentais: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
- Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de próteses dentais: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
- Localización da empresa.
- A persoa empresarial. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
- Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
- Cultura empresarial e comunicación e imaxe corporativas.



• Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.

- Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

BC3. Creación e posta en marcha dunha empresa.

- Formas xurídicas das empresas.
- Responsabilidade legal do empresariado.
- A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
- Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
- Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
- Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de próteses dentais.
- Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos e xestión de axudas e subvencións.

BC4. Función administrativa.

- Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector sanitario de próteses dentais.
- Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
- Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
- Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.



- Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
- Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de próteses dentais: documentos administrativos e documentos de pagamento.
- Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

1.11.3. Orientacións pedagóxicas.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a propia iniciativa no ámbito empresarial, tanto cara ao autoemprego como cara á asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta allea.

A formación do módulo permite alcanzar os obxectivos xerais l), m), n), ñ), p), r) e s) do ciclo formativo, e as competencias k), l), m), n) e p).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

– Manexo das fontes de información sobre o sector das empresas de próteses dentais, incluíndo a análise dos procesos de innovación sectorial en marcha.

– Realización de casos e dinámicas de grupo que permitan comprender e valorar as actitudes das persoas emprendedoras e axustar a súa necesidade ao sector sanitario de próteses dentais.

– Utilización de programas de xestión administrativa e financeira para pequenas e medianas empresas do sector.

– Realización dun proxecto empresarial relacionado coa actividade de próteses dentais, composto por un plan de empresa e un plan financeiro e que inclúa todas as facetas de posta en marcha dun negocio.

O plan de empresa incluirá os seguintes aspectos: maduración da idea de negocio, localización, organización da produción e dos recursos, xustificación da súa responsabilidade social, plan de márketing, elección da forma xurídica, trámites administrativos, e axudas e subvencións.



O plan financeiro incluirá o plan de tesouraría, a conta de resultados provisional e o balance provisional, así como a análise da súa viabilidade económica e financeira.

É aconsellable que o proxecto empresarial se vaia realizando conforme se desenvolvan os contidos relacionados nos resultados de aprendizaxe.

O correcto desenvolvemento deste módulo exige a disposición de medios informáticos con conexión á internet e que polo menos dúas sesións de traballo sexan consecutivas.

1.12. Módulo profesional: Formación en centros de traballo.

- Equivalencia en créditos ECTS: 22.

- Código: MP0864.

- Duración: 384 horas.

1.12.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

- RA1. Identifica a estrutura e a organización da empresa, en relación co tipo de servizo que presta.

- CA1.1. Identifícase a estrutura organizativa da empresa e as funcións de cada área.

- CA1.2. Comparouse a estrutura da empresa coas organizacións empresariais tipo existentes no sector.

- CA1.3. Relacionáronse as características do servizo e o tipo de clientes co desenvolvemento da actividade empresarial.

- CA1.4. Identificáronse os procedementos de traballo no desenvolvemento da prestación de servizo.

- CA1.5. Valoráronse as competencias necesarias dos recursos humanos para o desenvolvemento óptimo da actividade.

- CA1.6. Valorouse a idoneidade das canles de difusión máis frecuentes nesta actividade.



• RA2. Aмосa hábitos éticos e laborais no desenvolvemento da súa actividade profesional, de acordo coas características do posto de traballo e cos procedementos establecidos na empresa.

– CA2.1. Recoñecéronse e xustificáronse:

– Disponibilidade persoal e temporal necesarias no posto de traballo.

– Actitudes persoais (puntualidade, empatía etc.) e profesionais (orde, limpeza, responsabilidade etc.) necesarias para o posto de traballo.

– Requisitos actitudinais ante a prevención de riscos na actividade profesional.

– Requisitos actitudinais referidos á calidade na actividade profesional.

– Actitudes relacionais co propio equipo de traballo e coa xerarquía establecida na empresa.

– Actitudes relacionadas coa documentación das actividades realizadas no ámbito laboral.

– Necesidades formativas para a inserción e a reinserción laboral no ámbito científico e técnico do bo facer profesional.

– CA2.2. Identificáronse as normas de prevención de riscos laborais e os aspectos fundamentais da Lei de prevención de riscos laborais de aplicación na actividade profesional.

– CA2.3. Puxéronse en marcha os equipamentos de protección individual segundo os riscos da actividade profesional e as normas da empresa.

– CA2.4. Mantívose unha actitude de respecto polo ambiente nas actividades desenvolvidas.

– CA2.5. Mantivéronse organizados, limpos e libres de obstáculos o posto de traballo e a área correspondente ao desenvolvemento da actividade.



- CA2.6. Responsabilizouse do traballo asignado, interpretando e cumprindo as instrucións recibidas.
- CA2.7. Estableceuse unha comunicación eficaz coa persoa responsable en cada situación e cos membros do equipo.
- CA2.8. Coordinouse co resto do equipo, comunicando as incidencias salientables.
- CA2.9. Valorouse a importancia da súa actividade e a necesidade de adaptación aos cambios de tarefas.
- CA2.10. Responsabilizouse da aplicación das normas e dos procedementos no desenvolvemento do seu traballo.
- RA3. Manexa materiais, instrumentos, aparellos e equipamentos en relación coa elaboración de cada produto protésico.
 - CA3.1. Identificouse e razoouse o emprego dos materiais.
 - CA3.2. Describíronse as características, as aplicacións e os métodos de conservación dos materiais.
 - CA3.3. Comprobase que o nivel de existencias dos materiais sexa o adecuado para cubrir as necesidades do laboratorio.
 - CA3.4. Realizáronse os pedidos no momento e na forma establecidos.
 - CA3.5. Almacenouse ou distribuíuse o material ás áreas correspondentes.
 - CA3.6. Recoñeceuse o instrumental necesario para cada procedemento.
 - CA3.7. Cumpríronse as normas de uso, coidado e mantemento do instrumental.
 - CA3.8. Manexáronse con precisión os aparellos e os equipamentos.
 - CA3.9. Realizouse o mantemento e a posta a punto dos aparellos e dos equipamentos.



– CA3.10. Realizouse a planificación das actividades de mantemento dos equipamentos.

• RA4. Deseña produtos protésicos dentais, atendendo a criterios estético-funcionais.

– CA4.1. Interpretouse a prescrición médica.

– CA4.2. Valoráronse as características da persoa usuaria.

– CA4.3. Seleccionáronse os medios e os materiais.

– CA4.4. Realizouse a positivaxe das impresións e a toma de rexistros para a súa transferencia ao articulador.

– CA4.5. Seleccionáronse os parámetros anatómicos e de oclusión necesarios para a elaboración dos produtos.

– CA4.6. Comprobouse a idoneidade do deseño.

– CA4.7. Realizáronse modificacións e rectificacións segundo os resultados obtidos.

– CA4.8. Escaneouse o modelo e manexouse o programa informático mediante técnicas de deseño asistido por computador.

– CA4.9. Cumpríronse as normas de calidade e de prevención de riscos establecidas.

• RA5. Elabora e repara próteses removibles aplicando protocolos establecidos.

– CA5.1. Seleccionáronse os materiais, o instrumental e os aparellos para cada procedemento.

– CA5.2. Montáronse e articuláronse os dentes segundo criterios estético-funcionais do paciente indicados na prescrición.

– CA5.3. Realizouse o procesamento de enmuflaxe, prensadura e polimerización en condicións de calidade e tempo establecidos.



- CA5.4. Colocáronse sobre o modelo os elementos protésicos dos implantes.
- CA5.5. Realizouse o procesamento da estrutura metálica ou barra en condicións de calidade e tempo establecidas.
- CA5.6. Realizáronse as modificacións e as reparacións requiridas.
- CA5.7. Realizouse o acabado do produto segundo o deseño establecido.
- CA5.8. Comprobase que a adaptación, a función e a estética da prótese cumpran a normativa e os obxectivos terapéuticos da prescrición facultativa.
- CA5.9. Elaboráronse declaracións de conformidade.
- CA5.10. Cumpríronse as normas de calidade e de prevención de riscos establecidas.
- RA6. Elabora e repara aparellos de ortodoncia e férulas oclusais, aplicando protocolos establecidos.
 - CA6.1. Seleccionáronse os materiais, o instrumental e os aparellos para cada procedemento.
 - CA6.2. Preparáronse os modelos e realizáronse os estudos previos.
 - CA6.3. Realizouse o procesamento de aparellos e férulas en condicións de calidade e tempo establecidas.
 - CA6.4. Realizáronse as modificacións e as reparacións requiridas.
 - CA6.5. Comprobase a funcionalidade, a forza e a retención dos elementos elaborados, en relación co produto prescrito.
 - CA6.6. Realizouse o acabado do produto segundo o deseño establecido.



- CA6.7. Elaboráronse declaracións de conformidade.
- CA6.8. Cumpríronse as normas de calidade e de prevención de riscos establecidas.
- RA7. Elabora e repara próteses fixas, atendendo aos requisitos estético-funcionais e aplicando protocolos establecidos.
- CA7.1. Seleccionáronse os materiais, o instrumental e os aparellos para cada procedemento.
- CA7.2. Interpretáronse as características morfolóxicas e cromáticas das pezas dentarias.
- CA7.3. Realizouse o enceramento das preparacións.
- CA7.4. Realizáronse as estruturas metálicas seguindo as técnicas de coada á cera perdida, galvanofonnación, e técnicas de escaneado e fresaxe.
- CA7.5. Manipulouse a cerámica e a resina, e realizouse o procesamento en condicións de calidade e tempo establecidos.
- CA7.6. Colocáronse sobre o modelo os elementos protésicos dos implantes.
- CA7.7. Realizouse o procesamento da estrutura metálica ou barra en condicións de calidade e tempo establecidos.
- CA7.8. Realizáronse as modificacións e as reparacións requiridas.
- CA7.9. Realizouse o acabado do produto segundo o deseño establecido.
- CA7.10. Comprobouse que a adaptación, a función e a estética da prótese cumpran a normativa e os obxectivos terapéuticos da prescrición facultativa.



- CA7.11. Elaboráronse declaracións de conformidade.
- CA7.12. Cumpríronse as normas de calidade e de prevención de riscos establecidas.

Este módulo profesional contribúe a completar as competencias e os obxectivos xerais propios deste título que se alcanzasen no centro educativo ou a desenvolver competencias características de difícil consecución nel.

2. Anexo II.

A) Espazos mínimos.

Espazo formativo	Superficie en m ² (30 alumnos/as)	Superficie en m ² (20 alumnos/as)	Grao de utilización
Aula polivalente.	60	40	31 %
Laboratorio de próteses metálica e cerámica.	120	90	31 %
Laboratorio de próteses de resina.	120	90	38 %

- A consellería con competencias en materia de educación poderá autorizar unidades para menos de trinta postos escolares, polo que será posible reducir os espazos formativos proporcionalmente ao número de alumnos e alumnas, tomando como referencia para a determinación das superficies necesarias as cifras indicadas nas columnas segunda e terceira da táboa.

- O grao de utilización expresa en tanto por cento a ocupación en horas do espazo prevista para a impartición das ensinanzas no centro educativo, por un grupo de alumnado, respecto da duración total destas.

- Na marxe permitida polo grao de utilización, os espazos formativos establecidos poden ser ocupados por outros grupos de alumnos ou alumnas que cursen o mesmo ou outros ciclos formativos, ou outras etapas educativas.

- En todo caso, as actividades de aprendizaxe asociadas aos espazos formativos (coa ocupación expresada polo grao de utilización) poderán realizarse en superficies utilizadas tamén para outras actividades formativas afíns.



B) Equipamentos mínimos.

Equipamento
<ul style="list-style-type: none">- Equipamentos audiovisuais.- Equipamentos informáticos en rede e con conexión á internet. Software de propósito xeral e de xestión de laboratorios de próteses.- Software e hardware do sistema CAD-CAM.- Moblaxe axeitada para cada espazo.- Mesas de traballo con aspiración, aire e lámpada.- Areadoras.- Articuladores. Arco facial. Platinas de montaxe.- Lousa de mestura para cerámica.- Lingoteiras de cera.- Modelos fantasmas, anatómicos e de dentes.- Cubetas de mordida.- Lupas para modelar.- Compoñentes protésicos de implantoloxía.- Instrumental para xeso, cera, cerámica, revestimentos, ortodoncia e resina. Calibres para coroas.- Serras de pelo. Arcos portaserras.- Muflas de resina. Duplicacións de esqueléticos e de vertedura para xelatina. Duplicadores de silicona.- Bidas. Zocoladores. Cuncas de goma.- Balanza de precisión.- Cabinas de repaso.- Sistema de aspiración, de duplicación de modelos, de envasamento individual, de extracción de gases e de individualización de tocos.- Depurador de fumes.- Baño electrolítico e de ultrasóns.- Batedor de baleiro e vasos.- Quentador de cera.- Centrífuga de indución.- Equipamento de aire comprimido.- Decantador de xeso.- Fresa, microfresa e portafresas.- Paralelómetro.- Xelatinadora.- Máquina de vapor.- Fornos de cerámica, de prequentamento, de sinterización e eléctrico. Bomba de baleiro.- Polimerizadora a presión e por ultravioleta. Lavapolimerizadora.- Xogo de potas e pota de presión.- Cocina eléctrica.- Microondas.- Acendedor Bunsen de gas.- Motores Demco.- Micromotores e turbinas.- Puidoras con aspiración.- Prensas hidráulicas.- Recortadoras de interiores, de modelos e de tocos.- Meseta e sistema de soldar: de punto e de gas.- Máquina de tradear tocos sistema láser.- Máquina de inxectar resinas acrílicas. Inxectadora de cerámica.- Termoadaptador de pranchas.- Vibrador de escaiola.- Equipamento para lavar material e eliminar residuos.- Silos para o xeso.



3. Anexo III.

A) Especialidades do profesorado con atribución docente nos módulos profesionais do ciclo formativo de grao superior de Próteses Dentais.

Módulo profesional	Especialidade do profesorado	Corpo
• MP0821. Laboratorio de próteses dentais.	Procesos Diagnósticos Clínicos e Produtos Ortoprotésicos.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
• MP0854. Deseño funcional de próteses.	Procesos Diagnósticos Clínicos e Produtos Ortoprotésicos.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
• MP0855. Próteses completas.	Procedementos de Diagnóstico Clínico e Ortoprotésico.	Profesorado técnico de formación profesional.
	Profesorado especialista.	
• MP0856. Aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.	Procesos Diagnósticos Clínicos e Produtos Ortoprotésicos.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
• MP0857. Restauracións e estruturas metálicas en prótese fixa.	Procedementos de Diagnóstico Clínico e Ortoprotésico.	Profesorado técnico de formación profesional.
	Profesorado especialista.	
• MP0858. Próteses parciais removibles metálicas, de resina e mixtas.	Procedementos de Diagnóstico Clínico e Ortoprotésico.	Profesorado técnico de formación profesional.
	Profesorado especialista.	
• MP0859 Restauracións e recubrimentos estéticos.	Procedementos de Diagnóstico Clínico e Ortoprotésico.	Profesorado técnico de formación profesional.
• MP0860. Próteses sobre implantes.	Procesos Diagnósticos Clínicos e Produtos Ortoprotésicos.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
• MP0861. Proxecto de próteses dentais.	Procesos Diagnósticos Clínicos e Produtos Ortoprotésicos.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
	Procedementos de Diagnóstico Clínico e Ortoprotésico.	Profesorado técnico de formación profesional.
• MP0862. Formación e orientación laboral.	Formación e Orientación Laboral.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
• MP0863. Empresa e iniciativa emprendedora.	Formación e Orientación Laboral.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.

B) Titulacións equivalentes para efectos de docencia.

Corpos	Especialidades	Titulacións
• Profesorado de ensino secundario.	Formación e Orientación Laboral.	– Diplomado/a en Ciencias Empresariais. – Diplomado/a en Relacións Laborais. – Diplomado/a en Traballo Social. – Diplomado/a en Educación Social. – Diplomado/a en Xestión e Administración Pública.



C) Titulacións requiridas para a impartición dos módulos profesionais que conforman o título para os centros de titularidade privada e doutras administracións distintas da educativa, e orientacións para a Administración educativa.

Módulos profesionais	Titulacións
<ul style="list-style-type: none"> • MP0821. Laboratorio de próteses dentais. • MP0854. Deseño funcional de próteses. • MP0856. Aparellos de ortodoncia e férulas oclusais. • MP0860. Próteses sobre implantes. • MP0862. Formación e orientación laboral. • MP0863. Empresa e iniciativa emprendedora. 	<ul style="list-style-type: none"> • Licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a ou o título de grao correspondente, ou outros títulos equivalentes para os efectos de docencia.
<ul style="list-style-type: none"> • MP0855. Próteses completas. • MP0857. Restauracións e estruturas metálicas en prótese fixa. • MP0858. Próteses parciais removibles metálicas, de resina e mixtas. • MP0859. Restauracións e recubrimentos estéticos. • MP0861. Proxecto de próteses dentais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a ou o título de grao correspondente, ou outros títulos equivalentes. • Diplomado/a, enxeñeiro/a técnico/a ou arquitecto/a técnico/a, ou o título de grao correspondente, ou outros títulos equivalentes.

4. Anexo IV.

Validacións entre módulos profesionais de títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990 (LOXSE) e os establecidos no título de técnico superior en Próteses Dentais ao abeiro da Lei orgánica 2/2006.

Módulos profesionais incluídos nos ciclos formativos establecidos na LOXSE	Módulos profesionais do ciclo formativo (LOE): próteses dentais
<ul style="list-style-type: none"> • Organización, administración e xestión dunha unidade ou gabinete de próteses dentais. 	<ul style="list-style-type: none"> • MP0821. Laboratorio de próteses dentais. • MP0863. Empresa e iniciativa emprendedora.
<ul style="list-style-type: none"> • Deseño de próteses e aparellos de ortodoncia. 	<ul style="list-style-type: none"> • MP0854. Deseño funcional de próteses.
<ul style="list-style-type: none"> • Prótese removible de resina. 	<ul style="list-style-type: none"> • MP0855. Próteses completas. • MP0858. Próteses parciais removibles metálicas, de resina e mixtas.
<ul style="list-style-type: none"> • Prótese parcial removible metálica. 	<ul style="list-style-type: none"> • MP0858. Próteses parciais removibles metálicas, de resina e mixtas.
<ul style="list-style-type: none"> • Prótese fixa. 	<ul style="list-style-type: none"> • MP0857. Restauracións e estruturas metálicas en prótese fixa. • MP0859. Restauracións e recubrimentos estéticos.
<ul style="list-style-type: none"> • Ortodoncia. 	<ul style="list-style-type: none"> • MP0856. Aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.
<ul style="list-style-type: none"> • Próteses mixtas, cirúrxicas e implantosoportadas 	<ul style="list-style-type: none"> • MP0860. Próteses sobre implantes.
<ul style="list-style-type: none"> • Formación en centro de traballo do título de técnico superior en Próteses Dentais. 	<ul style="list-style-type: none"> • MP0861. Proxecto de próteses dentais.



5. Anexo V.

A) Correspondencia das unidades de competencia acreditadas consonte o establecido no artigo 8 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, cos módulos profesionais para a súa validación.

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
<ul style="list-style-type: none"> UC2087_3. Xestionar un centro, unha instalación ou un laboratorio de prótese dental, e organizar os procesos de deseño, preparación, elaboración, fabricación e reparación de próteses dentofaciais, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais. 	<ul style="list-style-type: none"> MP0821. Laboratorio de próteses dentais.
<ul style="list-style-type: none"> UC2089_3. Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar próteses completas removibles de resina. 	<ul style="list-style-type: none"> MP0855. Próteses completas.
<ul style="list-style-type: none"> UC2090_3. Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar aparellos de ortodoncia e férulas oclusais. 	<ul style="list-style-type: none"> MP0856. Aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.
<ul style="list-style-type: none"> UC2091_3. Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar restauracións e estruturas metálicas para a elaboración de próteses dentais de metal-cerámica e/ou metal-resina fixas. 	<ul style="list-style-type: none"> MP0857. Restauracións e estruturas metálicas en prótese fixa.
<ul style="list-style-type: none"> UC2092_3. Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar próteses parciais removibles metálicas, de resina e mixtas. 	<ul style="list-style-type: none"> MP0858. Próteses parciais removibles metálicas, de resina e mixtas.
<ul style="list-style-type: none"> UC2093_3. Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar recubrimentos estéticos e restauracións de cerámica ou resina, con ou sen metal. 	<ul style="list-style-type: none"> MP0859. Restauracións e recubrimentos estéticos.
<ul style="list-style-type: none"> UC2094_3. Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar próteses dentais sobre implantes. 	<ul style="list-style-type: none"> MP0860. Próteses sobre implantes.

Nota: as persoas matriculadas neste ciclo formativo que teñan acreditadas as unidades de competencia UC2088_3, UC2089_3, UC2090_3, UC2091_3, UC2092_3, UC2093_3 e UC2094_3 incluídas no título, de acordo co procedemento establecido no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, terán validado o módulo profesional «MP0854. Deseño funcional de próteses».

B) Correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación.

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
<ul style="list-style-type: none"> MP0821. Laboratorio de próteses dentais. 	<ul style="list-style-type: none"> UC2087_3. Xestionar un centro, unha instalación ou un laboratorio de prótese dental, e organizar os procesos de deseño, preparación, elaboración, fabricación e reparación de próteses dentofaciais, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.
<ul style="list-style-type: none"> MP0854. Deseño funcional de próteses. 	<ul style="list-style-type: none"> UC2088_3. Interpretar as prescricións facultativas, definir o produto, e programar, preparar e controlar a fabricación e/ou a reparación de próteses dentofaciais, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.
<ul style="list-style-type: none"> MP0855. Próteses completas. 	<ul style="list-style-type: none"> UC2089_3. Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar próteses completas removibles de resina.
<ul style="list-style-type: none"> MP0856. Aparellos de ortodoncia e férulas oclusais. 	<ul style="list-style-type: none"> UC2090_3. Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.



Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
• MP0857. Restauracións e estruturas metálicas en prótese fixa.	• UC2091_3. Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar restauracións e estruturas metálicas para a elaboración de próteses dentais de metal-cerámica e/ou metal-resina fixas.
• MP0858. Próteses parciais removibles metálicas, de resina e mixtas.	• UC2092_3. Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar próteses parciais removibles metálicas, de resina e mixtas.
• MP0859 Restauracións e recubrimentos estéticos.	• UC2093_3. Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar recubrimentos estéticos e restauracións de cerámica ou resina, con ou sen metal.
MP0860. Próteses sobre implantes.	UC2094_3. Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar próteses dentais sobre implantes.

6. Anexo VI.

Organización dos módulos profesionais do ciclo formativo de grao superior de Próteses Dentais para o réxime ordinario.

Curso	Módulo	Duración	Especialidade do profesorado
1º	• MP0821. Laboratorio de próteses dentais.	80	Procesos Diagnósticos Clínicos e Produtos Ortoprotésicos.
1º	• MP0854. Deseño funcional de próteses.	133	Procesos Diagnósticos Clínicos e Produtos Ortoprotésicos.
1º	• MP0855. Próteses completas.	187	Procedementos de Diagnóstico Clínico e Ortoprotésico. Profesorado especialista.
1º	• MP0856. Aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.	266	Procesos Diagnósticos Clínicos e Produtos Ortoprotésicos.
1º	• MP0857. Restauracións e estruturas metálicas en prótese fixa.	187	Procedementos de Diagnóstico Clínico e Ortoprotésico. Profesorado especialista.
1º	• MP0862. Formación e orientación laboral.	107	Formación e Orientación Laboral.
Total 1º (FCE)		960	
2º	• MP0858. Próteses parciais removibles metálicas, de resina e mixtas.	210	Procedementos de Diagnóstico Clínico e Ortoprotésico. Profesorado especialista.
2º	• MP0859. Restauracións e recubrimentos estéticos.	210	Procedementos de Diagnóstico Clínico e Ortoprotésico.
2º	• MP0860. Próteses sobre implantes.	157	Procesos Diagnósticos Clínicos e Produtos Ortoprotésicos.
2º	• MP0863. Empresa e iniciativa emprendedora.	53	Formación e Orientación Laboral
Total 2º (FCE)		630	
2º	• MP0861. Proxecto de próteses dentais.	26	Procesos Diagnósticos Clínicos e Produtos Ortoprotésicos. Procedementos de Diagnóstico Clínico e Ortoprotésico.
2º	• MP0864. Formación en centros de traballo.	384	



7. Anexo VII.

Organización dos módulos profesionais en unidades formativas de menor duración.

Módulo profesional	Unidades formativas	Duración
• MP0854. Deseño funcional de próteses.	• MP0854_13. Anatomía do aparello estomatognático e oclusión.	50
	• MP0854_23. Deseño de próteses, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais, e deseño asistido por computador.	35
	• MP0854_33. Elaboración de modelos, cubetas individuais, pranchas base e rexistros de oclusión.	48
• MP0855. Próteses completas.	• MP0855_12. Articulación dentaria, enceramento e polimerización de próteses completas.	157
	• MP0855_22. Compostura e rebaseamentos das próteses completas removibles de resina.	30
• MP0856. Aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.	• MP0856_12. Diagnóstico e materiais en ortodoncia.	92
	• MP0856_22. Elaboración de aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.	174
• MP0857. Restauracións e estruturas metálicas en prótese fixa.	• MP0857_12. Elaboración de estruturas en cera e metálicas.	147
	• MP0857_22. Obtención de estruturas mecanizadas e por galvanofonnación.	40
• MP0858. Próteses parciais removibles metálicas, de resina e mixtas.	• MP0858_13. Deseño, enceramento e estruturas metálicas.	147
	• MP0858_23. Soldaduras e próteses mixtas.	30
	• MP0858_33. Montaxe de dentes e acrílicos.	33
• MP0859. Restauracións e recubrimentos estéticos.	• MP0859_12. Restauracións provisionais e metal-resina.	60
	• MP0859_22. Cerámica.	150
• MP0860. Próteses sobre implantes.	• MP0860_12. Piares e implantes dentais para a rehabilitación protésica.	30
	• MP0860_22. Elaboración de férulas radiolóxicas e cirúrxicas, e próteses sobre implantes.	127
• MP0862. Formación e orientación laboral.	• MP0862_12. Prevención de riscos laborais.	45
	• MP0862_22. Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego.	62

